

Novas ideas para o século XXI



ecogaleguistas

Encontro programático
Oleiros, 14 de Abril de 2012

Novas ideas para o século XXI

"Non se pode resolver un problema coa mesma clase de pensamento que o produciu"
Albert Einstein

GUIÓN:

1. NOVOS XEITOS DE CONSTRUIR A POLÍTICA

1.1. SUMANDO SINERXÍAS: ALIANZA NACIONAL, AVINZA A FAVOR DO BEN COMÚN E TRABALLO EN REDES

1.2. UN PARTIDO 2.0 PARA O SÉCULO XXI

2. CARA A UNHA GALICIA SUSTENTÁBEL

2.1. COMO É A GALICIA QUE QUEREMOS?

2.2. A INSUSTENTABILIDADE DA GALICIA ACTUAL

2.3. DEZ EIXOS DE ACCIÓN PARA UNHA GALICIA SUSTENTÁBEL

3. A DEFENSA DO BEN COMÚN

3.1. A DEFENSA DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

3.2. A SAÚDE COMO DEREITO

3.3. ENSINO PÚBLICO E PARA TOD@S

3.4. BENESTAR SOCIAL

3.5. LINGUA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

3.6. CULTURA

4. DEREITOS E OBRIGAS

4.1. UNHA ECONOMÍA SOCIAL PARA A XUSTIZA SOCIAL

4.2. DEREITOS E OBRIGAS DA CIDADANÍA

5. GLOBALIZACIÓN E PAZ

5.1. MODELO DOMINANTE E GLOBALIZACION NEOLIBERAL

5.2. COOPERACIÓN E NEOINTERNACIONALISMO

5.3. MULTILATERALISMO E PAZ

5.4. RETOS PARA UNHA MUNDIALIZACIÓN CÍVICA

5.5. RELACIÓN CON ESTRUCTURAS SUPRANACIONAIS (UE)

A MODO DE EPÍLOGO: RADICALIDADE E REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA

1. NOVOS XEITOS DE CONSTRUIR A POLÍTICA

1.1. SUMANDO SINERXÍAS: ALIANZA NACIONAL, AVINZA A FAVOR DO BEN COMÚN E TRABALLO EN REDES

Dixemos desde a nosa constitución como colectivo, que Ecogaleguistas vén a sumar (novos elementos ausentes na axenda política) e non a restar.

Conscientes da situación de perda de dereitos individuais e colectivos na que estamos, o punto 5 do noso decálogo fundacional asume como tarefa central:

“Construír a alternativa antimonopolista. A necesidade de que a diversidade social se exprese tamén na imprescindible pluralidade política non implica obrigatoriamente afondar nas divisións e enfrontamentos. Abonda con renunciar ao dogmatismo e ao sectarismo para construír un partido dialogante e con afán unitario que se sitúa unicamente en contra das políticas que favorecen ao 1% que acumulan riquezas e beneficios fronte ao 99% que vive, e en moitas ocasións malvive, do seu traballo e da súa creatividade. A difícil situación que está pasando a grande maioría das persoas e ameaza o conxunto do noso país esixe grandes doses de xenerosidade. O novo partido traballará para formalizar alianzas políticas estratéxicas estables, coalicións electorais arredor dun programa común e acordos de goberno que vaian en favor da maioría e en contra dos monopolios desde o respecto á pluralidade e sen ambicións de predominio.”

Ademais Ecogaleguistas vai conducir o seu proceso de constitución nun marco caracterizado por unha importante mobilización social en contra dos recortes das conquistas sociais e mais a construción dun novo espazo político-electoral amplo da esquerda galega, dous aspectos que van ter que ser abordados de xeito complementario.

1.1.1. CONSTRUIR O ESPAZO DUNHA ESQUERDA NACIONAL COOPERATIVA E PLURAL

Deste xeito, o encontro de Espazo Ecogaleguista celebrado o pasado 25 de febreiro acordou:

Abordar a construción dun novo proxecto común da esquerda nacional, labor que vai ter que ser abordado paralelamente desde un necesario encontro cívico por abaixo e á vez por reunións e diálogo entre as forzas políticas interesadas en participar.

Para Espazo Ecogaleguista non se trata de reflatar experiencias fracasadas sustentadas en partidos hexemónicos ou compartimentos estancos, senón configurar un espazo cooperativo, plural e aberto onde o debate de ideas sexa cultural, con vontade de síntese, e non ideolóxico e de carácter pechado.

Algunhas cuestións referentes ao modelo:

A construción dun novo espazo plural da esquerda galega debe **formatearse como unha cooperativa política**, baseada na colaboración política e a síntese cultural de ideas.

Construír un espazo novo, non herdeiro de ninguén. Aínda que é certo que a maior parte da militancia organizada que poida confluír nese novo proxecto vén do BNG, non é menos certo que existe unha potencialidade cidadá externa aos actuais partidos

políticos que foi afastándose da militancia que, mesmo na última etapa, deixou de votar ás organizacións existentes da esquerda. Cómpre construír o novo espazo pensando neses activistas sociais e votantes desencantados da política, facendo un esforzo para que retomen o compromiso e o voto proactivo.

Superar modelos fracasados. Nin o frontismo, tal como foi concibido na última etapa, construído arredor de compartimentos estancos, competitivos na busca da hexemonía, nin os partidos clásicos con correntes no seu seo co único papel de situar os seus dirixentes en postos clave e que renuncian ao seu carácter crítico, son modelos a seguir. Existen modelos novos de cooperativismo político, alianzas pluripartidistas e cívicas, e mesmo partidos de novo formato, que permiten asumir de xeito construtivo a dialéctica entre unidade e pluralidade.

Facer visíbel o novo. Os principios políticos, a estrutura e mesmo a imaxe corporativa do novo proxecto común ten que ser atractiva, conectar coas novas demandas cidadáns e facer visíbel o novo para deixar de seguir tendo o caduco como referente e guía de pensamento e acción política. A radicalidade democrática e o rexeitamento da corrupción política, a defensa do ben común, a sustentabilidade ecolóxica, a xustiza global e a paz teñen que ser o mascarón de proa do novo proxecto.

O seu carácter nacional. Un proxecto que sitúe o seu eixo de actuación en Galicia e na defensa dos seus intereses colectivos, pero que aborde esta cuestión coa necesaria amplitude que permita incorporar a sectores con conciencia nacional e galeguista, pero que non necesariamente se definan como nacionalistas no ideolóxico. Un proxecto amplo no que teñan cabida posicións diferentes de abordar o autogoberno nunha síntese programática acorde ao momento que hoxe estamos a vivir, que é de defensa dos intereses nacionais nun proceso marcado pola recentralización política.

Conexión coa cidadanía organizada. O espazo común ten que estar ao servizo da cidadanía de xeito transversal, no apoio das súas demandas e na canalización institucional das mesmas. Non debe partir do modelo dirixista onde existe unha estratexia concibida e onde as organizacións sociais son correas de transmisión ao servizo desa estratexia. O novo proxecto debe acompañar a sociedade civil auto organizada respectando a súa autonomía e a súa pluralidade política e organizativa sen impoñer referentes únicos nas organizacións sociais, cívicas ou sindicais.

Novas formas de participación e intervención cidadá. Se algo puxo enriba da mesa o movemento 15-M, non foi tanto a falla de propostas programáticas por parte dos partidos, senón a desafección coas súas formas de facer política: control dos movementos, permanencias nos cargos, falla de transparencia e participación nas decisións... É importante que o novo proxecto plasme novos estilos de facer política desde o inicio: eleccións primarias das candidaturas, listas desbloqueadas, limitacións de mandatos, rexeitamento de determinados privilexios económicos... Ademais, o proxecto ten que sustentarse nas persoas, non nos colectivos organizados que o poidan configurar. E tamén a falla de propostas programáticas para facerlle frente desde as institucións do Estado ao poder dos “mercados”, co cal “non nos representan”. O 15-M tamén tiña contidos políticos ben “materiais”.

1.1.2. COLABORACIÓN PARA CONSTRUIR UNHA NOVA HEXEMONÍA SOCIAL E UNHA NOVA MAIORÍA ELECTORAL

Diante da difícil situación que vive o noso pobo e as súas xentes, Ecogaleguistas está aberto a relacións de avinza con tódalas forzas políticas e sociais que, sen estaren

neste proxecto común, traballen a prol de frear as políticas económicas dos monopolios e despracen a hexemonía da dereita política.

Para rachar a hexemonía social e electoral da dereita non abonda coa construción dun espazo amplo da esquerda nacional, senón que é unha tarefa que require de procesos de converxencia social e de acordos políticos con forzas de reforma que teñen as súas bases sociais na esquerda pero que están en mans de cúpulas dirixentes que cando gobernan o fan sen afrontar unha perspectiva de transformación social, sen atreverse a enfrontarse a poderes non elixidos democraticamente, o cal vai en detrimento dos/as de abaixo.

Debemos construír unha estratexia que combine espazos transversais coas bases progresistas dos ditos partidos, creando dinámicas de cambio dificilmente reconducibles e paralelamente a isto configurando acordos preelectorais ou postelectorais de carácter puntual que por unha banda impidan gobernar a dereita e por outra permitan poñer en marcha programas de políticas progresistas.

Un marco de ensaio posíbel é a propostas de candidaturas cidadás de progreso unitarias para concorrer conxuntamente ao senado cun programa mínimo de defensa do ben común e dos intereses nacionais. Esta é unha fórmula que pode evitar a hexemonía electoral abafante da dereita, tendo en conta que se trata dunha banda dunhas eleccións que favorecen extraordinariamente ao partido máis votado en cada circunscrición e doutra banda, dunha cámara que de non ser renovada, ben podería defenderse a súa desaparición.

Debemos impedir gobernos locais, autonómicos ou estatais de dereita, pero tamén debemos situar os acordos tácticos ao servizo dunha estratexia de cambio de xeito que iso se visibilice noutras políticas e que ademais consiga mobilizar a base social de tódalas forzas situadas no campo progresista para que os procesos de cambio non xeren frustracións nin sexan 'oasis' temporais no marco de etapas conservadoras.

1.1.3. TRABALLO EN REDES

O carácter nacional complementábase coa acción global nun mundo interconectado e alí onde se aproban políticas que nos afectan. O novo partido debe situarse no espazo da novas forzas da esquerda europea e internacional.

Debemos construír unha política de alianzas laica, non ideolóxica, que permita abordar desde a coherencia cos nosos principios as citas electorais de xeito creativo e o máis integrador

No estado español, a relación en Rede con Equo, ICV, Compromis, IniciativaVerds, Chunta ou outras forzas coas que temos proximidade, é central para a consolidación do espazo político e a defensa dos nosos intereses nacionais.

A defensa dos intereses da cidadanía galega pasa tamén pola construción de alianzas políticas e electorais que permitan frear as políticas de destrución do ben común e influír nas políticas de estado que afectan aqueles intereses, e moi especialmente os dos sectores socialmente máis desfavorecidos.

Dúas son as liñas que debemos abordar a curto prazo:

- Relacións de reflexión conxunta, coordinación de políticas e intercambio de

propostas con outras forzas renovadoras das esquerdas nacionais ou territoriais do estado. Nese sentido o Espazo Plural composto por organizacións periféricas de carácter nacional e de esquerdas é un lugar idóneo para iso.

- Abordando posibles alianzas en procesos electorais onde o territorio non é exclusivamente galego (estatais ou europeas), con fórmulas flexibles pero de xeito coherente cos nosos principios e co noso proxecto común da esquerda ampla.

En Europa construíndo espazos comúns coas forzas da esquerda continental para a construción doutra Europa política e social fronte ao modelo especulativo-financeiro.

A aposta non pasa por saírmos do marco institucional europeo senón de vertebrar un europeísmo político, cívico e social fronte ao modelo de construción monopolista e economicista de Europa, fomentando a idea dunha cidadanía europea que responda a ese marco institucional

Non é posíbel parar a deriva neoconservadora e de ultraliberalismo económico na Unión Europea senón somos capaces de xerar alternativas novas ao modelo socialdemócrata esgotado e se non se vertebran alianzas e acordos de actuación conxunto entre as forzas de progreso no social e no político.

No planeta, interactuando co movemento altermundista en marcha pola construción dunha alternativa planetaria á globalización antisocial.

1.2. UN PARTIDO 2.0 PARA O SÉCULO XXI

Somos un grupo de cidadáns e cidadás que nos reunimos arredor dun novo instrumento político para unha nova etapa, conscientes de que o país necesita novas utillaxes de intervención política e de intermediación cunha sociedade cada vez máis afastada das ferramentas que ata agora e durante unha etapa exerceron a súa representación.

Xa hai tempo que moitas persoas nos sentimos orfas de forzas políticas que representen minimamente a nosa forma de pensar e de entender o mundo e Galicia.

As cidadás e os cidadáns necesitamos de interfaces que nos representen. Desafortunadamente, os partidos clásicos non entenderon o que esta a ocorrer nas prazas e na rúa, están ensimesmados nas súas dinámicas endogámicas, dimitiron das súas tarefas de oposición e, o que é máis grave, non son quen a vertebrar unha alternativa cribel.

Ecogaleguistas quere introducir a Galicia no marco global de correntes políticas actuais e actualizadas desde a esquerda, como o ecosocialismo, e ser instrumento na renovación e converxencia coas forzas xa existentes ou que están a xurdir na esquerda.

EcoGaleguistas (en siglas EcoGal) é un partido galego de cidadáns e cidadás. Un partido 2.0 para unha nova etapa histórica.

O seu carácter nacional, o seu posicionamento na esquerda renovadora e ecoloxista e a súa vontade unitaria e colaboradora, son eixes que a definen.

Falamos dunha organización de esquerda verde e nacional coas súas raíces na

tradición histórica das loitas de masas no noso país durante o século XX. Unha organización con vontade de continuar a loita do Movemento Agrarista de principios de século; con vontade de ser continuadora da loita democrática durante a República e despois contra o Franquismo; con vontade de ser continuadora da loita pola recuperación do autogoberno desde unha visión nacional galega; e a servizo da cidadanía organizada de xeito plural e diverso nos nas organizacións sindicais e nosos novos e novísimos movementos sociais.

Efectivamente, EcoGal é un partido que busca nos novos suxeitos políticos e sociais e tradicións das xentes de Galicia, a forza, o temperamento e o entusiasmo para realizar o proceso de superación do capitalismo. O desenvolvemento dun partido centrado na súa realidade, que ofrezca alternativas aos problemas propios e que pule pola a vertebración social do seu pobo, é clave para a construción da hexemonía social, cultural e democrática que impulse o cambio ecosocialista.

O seu carácter transformador vai máis alá da definición dun programa transformador polos seus contidos. Trátase de dar alternativas tamén no social, no cultural e por suposto no ético.

EcoGal quere ser a organización da democracia e da xustiza social, do ecoloxismo e do feminismo, da non-violencia, da solidariedade e da igualdade dos pobos, do respecto e a mestizaxe cultural.

Pero trátase tamén de apostar por novos xeitos de organizarse, de expresarse e relacionarse coa sociedade tal como expresou o movemento d@s indignad@s. EcoGal quere poñer a imaxinación e a ilusión, aos seres humanos e aos non humanos e a vida no planeta no centro da intervención política.

EcoGal quere impulsar un proxecto do que agrome unha nación moderna autogobernada de homes e mulleres libres e en harmonía coa natureza.

Misión: construír o cambio social desde o neogaleguismo

A misión central de EcoGal é construír o galeguismo do século XXI desde a sustentabilidade ecolóxica, a xustiza social global, a cultura da paz e a radicalidade democrática. Trátase dunha forza de carácter nacional que sitúe a Galicia no centro da súa intervención política e que actúe en función da análise da nosa realidade, pero construíndo un neogaleguismo cívico que se afaste do nacionalismo esencialista e populista que ten impedido que moitos sectores con clara conciencia nacional se incorporasen ao mesmo. O nacionalismo dos anos trinta foi vangardista tanto en canto centrou a súa estratexia nas novas reivindicacións nacionais. O nacionalismo de esquerdas do post-franquismo foi quen de facer pivotar o seu discurso sobre as cuestións sociais. O galeguismo do século XXI, o neogaleguismo, terá que integrar as reivindicacións nacionais e sociais nun conxunto de novos dereitos democráticos, ambientais e emocionais das persoas, se quere volver a recuperar espazos sociais, e tamén electorais, nesta nova etapa.

Os seus **obxectivos** son:

1. **Incorporar á axenda política galega as propostas presentes na esquerda renovadora europea e mundial** da sustentabilidade ecolóxica, da radicalidade democrática, da mundialización cívica e a paz, e da xustiza global. Trátase pois dun partido de novo formato máis contruído desde a sectorialización de ideas que

desde a vertebración territorial. A transversalidade de ditas propostas so será posible se existe un polo renovador claramente identificado e influente.

2. **Reconstruír as pontes de confianza entre a esquerda política e a social** en base ao acompañamento democrático das loitas cidadás e non a súa instrumentalización. A fortaleza do noso proxecto non esta na súa imaxe corporativa senón na busca de ideas e propostas anovadoras e resolutivas dos problemas que ten a xente.
3. **Favorecer políticas de converxencia entre a esquerda** baixo un modelo cooperativo da esquerda, facendo avanzar a cultura nacional e o galeguismo da mesma. EcoGal non nace, pois, para presentarse en solitario as eleccións senón para construír alianzas electorais estables. Tampouco queremos crear espazos competitivos en base a dinámicas hexemónicas de maiorías e minorías.

1.2.1. PRINCIPIOS POLITICOS DE ECOGAL

Principios políticos: **Ecosocialista, Nacional, Republicano, Renovador, Democrático, Altermundista, Feminista e Pacifista**

A. ECOSOCIALISTA

Entendemos o socialismo como a superación do capitalismo a través dun proceso de autoorganización e emancipación social, que vai máis alá da chegada ao poder político.

O socialismo que queremos baséase nos grandes valores emancipatorios da humanidade: liberdade, igualdade e solidariedade. É a superación individual e colectiva dos aspectos máis perniciosos do desenvolvemento humano e o afondamento nas conquistas sociais e dereitos individuais e colectivos da humanidade... Neste senso, EcoGal quere dar solucións aos problemas que tradicionalmente amolan ás persoas e ás sociedades, pero tamén quere incorporar respostas ás novas cuestións que aparecen ao abeiro dos vertixinosos cambios habidos nos últimos anos.

Así, a globalización económica e as súas consecuencias políticas e culturais, os problemas ecolóxicos a escala planetaria, o afastamento das rexións enteiras do planeta dos circuítos económicos mundiais, as migracións masivas, a utilización das tecnoloxías da información,... e a organización social que aparece ao seu lado, son elementos que queremos comprender e aos que queremos incorporar a nosa acción política.

EcoGal sitúase no campo das forzas que pretenden construír o socialismo ecoloxicamente sustentábel. EcoGal quere ser un partido para unha nova etapa no desenvolvemento da esquerda, que se caracteriza polo esgotamento tanto da socialdemocracia como do comunismo, e que precisa dun enfoque que partindo das ideas e principios da esquerda, incorpore os novos modelos e as novas relacións sociais que esixe o desenvolvemento sustentábel.

Trátase dun proxecto integrador –sen unha única ideoloxía oficial– aberto ás diversas sensibilidades políticas do altermundismo e da chamada ‘nova esquerda’ pero na que é fundamental que o carácter democrático e ecoloxista apareza como elemento medular, fronte aos modelos da esquerda tradicional produtivistas, estatelistas e/ou totalitarios.

Asistimos a unha crise de civilización, indistintamente do sistema socio-económico

existente en cada país. Unha crise que non só está no reparto da produción, senón na forma alleante e destrutiva de producir. Neste contexto, a alternativa clásica "socialismo ou barbarie" dá paso a unha nova dicotomía: "capitalismo ou biosfera".

O capitalismo no seu afán de xerar o máximo beneficio non respecta ás persoas nin ao planeta. As crises son sucedidas por novas crises de xeito cíclico nas que se destrúen cada vez máis recursos humanos e medioambientais. Nese senso, tratase dun sistema non só homicida senón tamén suicida.

Efectivamente, a crise ecolóxica pon en perigo a capacidade deste planeta para producir vida. Pero este non é un problema a longo prazo. Nestes momentos a perda de biodiversidade, o quecemento da Terra, o despilfarro enerxético, afecta ás economías e ás condicións de vida de millóns de persoas.

O actual modelo de produción e consumo enerxéticos favorece aos poderes económicos do Norte e dificulta seriamente o aumento da calidade de vida do Sur.

EcoGal sitúa no centro do seu proxecto político a loita por unha sociedade emancipada e uns sistemas de produción, consumo e vida ecoloxicamente sustentables.

B. NACIONAL

EcoGal traballa polo recoñecemento pleno da personalidade de Galicia e polo seu autogoberno efectivo.

Afirmamos, pois, que Galicia ten dereito ao pleno exercicio da súa soberanía. Entendemos esta como un proceso de construción do autogoberno que se vai concretando de diferentes xeitos en etapas diferentes.

Na etapa de globalización na que vivimos faise máis necesaria ca nunca a reafirmación da nosa soberanía nacional, entendida non de xeito idealizante como a de un ente colectivo abstracto senón como a soberanía dos cidadáns e cidadás, dos seus dereitos como persoas que conforman unha colectividade con intereses económicos, sociais, políticos, culturais, lingüísticos específicos e compartidos (soberanía cidadá).

A soberanía nacional é pois capacidade de autogoberno, pero tamén soberanía alimentaria, produtiva, estética, social. Construindo desde a pluralidade unha realidade conformada como un crisol solidario entre diversos pobos e cidadanías do planeta.

No proceso de globalización que van desaparecendo os estado-nación tal como se coñeceron desde o século XVIII, tamén vai modificándose o concepto de soberanía.

EcoGal aposta pola soberanía de Galicia como colectivo nacional pero o fai consciente de que nun mundo interrelacionado non existen modelos de soberanía puros senón interrelacionados, de co-soberanía.

A soberanía, nese contexto, significa a vontade de cooperación desde o autogoberno. Trátase dunha acción voluntaria onde os modelos federais ou confederais, estatais ou europeos, parten da aceptación da vontade das partes que se xuntan de xeito libre para construír espazos comúns.

Entendemos que a proposta federal asimétrica para o estado, como elemento que parte da vontade dun pobo de relacionarse con outros, é o principio que mellor serve aos obxectivos que defendemos, da solidariedade entre os pobos e autogoberno de cada

unha das partes na actual etapa.

O noso soberanismo plásmase nun proxecto político concreto, que fixa con claridade o obxectivo dun Estatuto federal para Galicia, no marco dun Estado Español federal plurinacional asimétrico e dunha Unión Europea democrática e social.

C. REPUBLICANO

A democracia adquire o seu maior grao de desenvolvemento na concepción republicana do papel dunha cidadanía activa, participativa e crítica.

Cidadá. Nos tempos da praxes da “fin da historia” e da filosofía do “pensamento único” e unidireccional, o carácter laico dunha organización transformadora é un valor en alza. Non se trata só de ser unha organización autónoma de poderes económicos, políticos e relixiosos no senso tradicional do termo, trátase tamén de sermos capaces de manter unha liña de pensamento autónomo fronte a presións mediáticas ou de pensamento.

O republicanismo vai máis aló do feito de que a xefatura do estado sexa elixida por sufraxio universal, elemento democrático central, senón na construción dunha cidadanía activa e participativa nos asuntos públicos.

Só temos un país e é de tod@s. Galicia é o país de tod@s @s galeg@s. Ninguén pode patrimonializar nin apropiarse do sentimento de galegitude, da súa identidade, do seu patrimonio cultural e lingüístico, dos símbolos que son comúns a todos e todas.

É por iso que o novo partido diferenciará claramente o seu logo da bandeira do país sobre a que non impondremos símbolos partidarios. Vivimos nun país con dous nomes – Galicia e Galiza– ambos lexítimos e, o que é máis importante, ambos ligados aos sentimentos de afecto das persoas cara ao noso pobo. Esa ‘riqueza’ debemos saber utilizala para construír sen exclusión, de xeito cívico, o noso país por e para todas as persoas.

D. RENOVADOR

EcoGal é unha organización laica, liberada de doutrina oficial.

A elaboración dun proxecto de transformación social esixe a proxección cara ao futuro das históricas concepcións da esquerda e a permeabilidade cara ás novas propostas. Esixe a liberdade de pensamento, o rigor da análise e a audacia para a innovación.

EcoGal establece as súas relacións coa sociedade desde o convencemento de que é ela a protagonista dos cambios. Confía na autoorganización social como motor da innovación e da superación dos problemas e rexeita calquera forma de utilización das organizacións da sociedade civil como correa de transmisión partidaria.

EcoGal quere devolver a política ao ámbito que lle corresponde: o das persoas concretas. Queremos sacar a política da zona de penumbra. Queremos que as mulleres e os homes participen nas decisións e na xestión das decisións que lles afectan. Que acheguen os seus problemas e as súas preocupacións, pero tamén as súas solucións e as súas ilusións.

E. DEMOCRÁTICO

EcoGal é un proxecto situado no campo da esquerda democrática. Ten como obxectivo irrenunciábel a profundización na democracia política, económica e social.

As liberdades individuais e a democracia política teñen un valor de seu, de carácter universal, sobre o que se fan posibles as transformacións sociais, económicas e sociais de carácter socialista. Apostamos polo socialismo democrático, un proxecto superador do capitalismo pero oposto a calquera intento de reducir o socialismo a un mecanismo económico privándoo do seu contido democrático e emancipador: a loita polo socialismo é unha loita pola radicalización da democracia.

F. ALTERMUNDISTA

EcoGal fai unha aposta pola construción de alternativas globais ao capitalismo neoliberal. Estas propostas virán da acción global e en rede de diversos movementos sociais, cidadáns e políticos que coparticipan de xeito activo en foros de reflexión e alianzas de acción. Estes movementos sociais e a cidadanía global son os novos suxeitos de transformación social do século XXI.

EcoGal entende a solidariedade coma un factor de cambio global. Trátase de construír un neo-internacionalismo fundamentado na incorporación da cidadanía galega á revolta global.

EcoGal é un proxecto solidario pola súa concepción solidaria con outros pobos que sofren a explotación, a opresión e a violación sistemática dos seus dereitos.

EcoGal é un proxecto solidario, tamén, por unha concepción política que parte dunha realidade mundial cada vez máis interrelacionada, cos mesmos problemas globais e coa necesidade de solucións globais. Trátase dunha concepción de Novo Internacionalismo que entenda o equilibrio entre a expresión nacional da loita e a globalización dos problemas, mesmo dos máis concretos (no concepto da Aldea Global).

Polo tanto, EcoGal declara o seu apoio decidido a favor de políticas que permitan o desenvolvemento de tódolos países do mundo, así como a defensa da súa independencia e unha loita decidida a favor dos valores da democracia en todos eles, así como tamén a defensa dos dereitos humanos en todo o planeta.

Somos partidarios de perfeccionar os organismos internacionais que posibiliten a solución pacífica dos conflitos, e do desmantelamento das organizacións militares internacionais, dos arsenais nucleares, químicos e bacteriolóxicos.

G. FEMINISTA

O proxecto de transformación social de EcoGal debe ter en conta tamén a participación da metade da poboación. O movemento feminista e a loita das mulleres pola súa liberación fixeron unha serie de contribucións teóricas e políticas que son, de feito, un factor importante para a renovación e desenvolvemento do pensamento da esquerda e que á vez esixen unha práctica política diferente.

A crítica ao economicismo, unha nova análise do produtivo, poñendo en entredito a división público /privado, abriron un novo campo para a política. A afirmación feminista sobre a posibilidade de facer unha acción política sobre o privado pode cambiar os modos e os contidos políticos.

O feminismo puxo de manifesto dentro da nosa sociedade unha serie de conflitos que non só se derivan da contradición entre capital /traballo. O feminismo aportou un novo concepto de emancipación e transformación, no que os cambios non só afectan ás esferas da produción senón tamén á organización social e ao conxunto das relacións humanas.

O feminismo puxo de vulto a relación entre a xerarquía social do capitalismo e a xerarquía entre xéneros. A crítica feminista á xerarquía esténdese a tódolos aspectos da vida cotiá. De xeito especial hai que subliñar a crítica feminista ás organizacións políticas, sociais e sindicais con estruturas verticais, fortemente xerarquizada.

Estas contribucións non só interesan ás mulleres na súa loita pola emancipación, tamén a outros colectivos interesados na mesma; a globalidade do discurso feminista é unha achega política e teórica que é preciso que interveña no conxunto da elaboración teórica e política de EcoGal.

A loita pola emancipación e o empoderamento das mulleres é clave nunha organización que aborda a loita contra as desigualdades nun mundo onde a pobreza ten rostro de muller. Que se asegure a igualdade de oportunidades de acceso aos recursos que respondan ás necesidades específicas das mulleres é necesario para conseguir unha sociedade máis equilibrada.

Rexeitamos como elementos culturais aqueles que oprimen aos seres humanos comezando pola violencia machista, a escravitude laboral, a explotación sexual e o patriarcado que oprime ás mulleres e aliena aos homes.

Apostamos por unha sociedade na que os saberes e os modos de facer femininos sexan valorados como importantes aportacións cara a mudanza dos modos de relación actuais entre as persoas e os pobos.

H. PACIFISTA

O movemento da non-violencia ten adquirido nos últimos anos un papel prioritario na redefinición da esquerda. Nesto foi fundamental o avance dunha maior cultura democrática así como un profundo proceso de renovación no campo dos valores da esquerda.

Durante moito tempo, a esquerda foi prisioneira da filosofía de "o fin xustifica os medios" ou no mellor dos casos "o fin mediatiza os medios". A radicalidade política confundíase, moitas veces, coa radicalidade formal e a necesaria superación da desigualdade coa cultura do odio.

Os valores democráticos e pacifistas xurdidos en Europa nos anos sesenta teñen incorporado á esquerda valores e pautas culturais de non-violencia sen que estivesen rifados coa súa radicalidade política nin co resultado das súas accións.

A estratexia política da non-violencia ten demostrado a eficacia para conseguir os obxectivos marcados, ao tempo que é un elemento de confrontación democrática coa dereita e cos sectores marxinais que apostan desde posicións ultras por valores reaccionarios como a xenofobia, o racismo ou o sexismo.

EcoGal é contraria ao recurso da violencia para resolver os conflitos políticos e

sociais e propugna a cultura da non-violencia como método efectivo para combater as distintas manifestacións de odio que agroman na nosa sociedade.

As manifestacións de acción directa non-violenta ou de resistencia pasiva teñen demostrado ser un elemento eficaz e anovador na transformación progresista da sociedade e de consecución das liberdades nacionais.

1.2.2. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS DE ECOGAL

Principios organizativos: **Transformador, Galego, Plural, Participativo, Aberto, Igualitario, Paritario e Intercultural.**

A. TRANSFORMADOR

Vivimos cada vez unha maior indefensión política e social. A privatización do que ata hai ben pouco representaban importantes resortes de redistribución da riqueza a nivel rexional e mesmo a nivel internacional deixa os sectores máis desfavorecidos do norte e do sur indefensos fronte os abusos dun poder económico brutal e dun poder político despótico global.

Diante desta situación faise necesario un traballo de sensibilización que axude a crear conciencia crítica sobre os mesmos elementos xeradores de inxustiza e un traballo de acción global que nos permita superar o actual sistema como xeito de reequilibrar o planeta.

Un proxecto transformador necesita un gran esforzo que faga do seu entorno o motor fundamental da súa actividade. Primar os problemas e as esixencias internas sobre o que demanda a sociedade é tanto como desactivar a nosa capacidade para transformar a realidade.

A nosa ten que ser unha organización capaz de detectar as expectativas, os cambios e as demandas que se producen no noso entorno, unha organización que os discuta e que faga deles o centro da súa análise política.

Ten que ser tamén unha organización capaz de valorar a diversidade en tódolos seus sentidos, desde os seus afiliados e afiliadas ata a das diferentes estruturas que require cada lugar, sector ou espazo de acción política.

B. GALEGO

A perspectiva dun proxecto nacional da esquerda democrática, hexemónico e alternativo á dereita esixe a existencia dunha forza plenamente soberana política e xuridicamente.

EcoGal é un partido independente e soberano, que toma as súas propias decisións en base aos problemas que ten que afrontar na realidade na que opera.

EcoGal, traballando pola construción dunha alternativa nacional de esquerdas en Galicia, quere tamén contribuír activamente, desde a súa identidade, a construír unha alternativa de esquerdas no Estado Español e na Unión Europea. A tal fin EcoGal aposta polo desenvolvemento dun proxecto da esquerda alternativa en pé de igualdade con outras forzas da esquerda doutros pobos do estado e coas forzas da Esquerda Verde

Europea. Xa que logo, entendemos a necesidade de dotar dun proxecto político estatal e europeo para o noso proxecto nacional, na medida en que non é posíbel transformar Galicia sen unha transformación neses ámbitos.

C. PLURAL

EcoGal é a síntese unitaria de diversas culturas e sensibilidades con identidade definida e procedencias diversas. Esta pluralidade é un dos sinais de identificación de EcoGal, polo que, lonxe de intentar uniformizar a nosa organización, esta debe de esforzarse desde o mantemento e reforzamento da unidade do proxecto e no programa, no respecto á identidade e autonomía de cada membro do partido.

É pois, unha organización que garante a participación dos seus membros. Unha Organización que coloca a democracia como un valor indispensable para asegurar o seu futuro. A máxima democracia interna é clave para o desenvolvemento teórico, político e orgánico do proxecto da esquerda.

EcoGal é unha organización política unitaria en todo o que atinxe á liña programática e política no seu funcionamento organizativo, e plural no debate de ideas e propostas.

EcoGal é unha organización democrática na que a súa soberanía reside nas súas Asembleas e nos órganos elixidos democraticamente. O exercicio da democracia presidirá todo o funcionamento de EcoGal, realizando unha nova forma de facer política, onde a participación de tódolos seus membros sexa a práctica que defina a nosa organización.

EcoGal funcionará, sempre que sexa posíbel, polo método do consenso e integración, entendido este como acordo político entre as diferentes posicións plurais que forman o partido. Cando o consenso non sexa posíbel, traballarase co método das minorías e maiorías. Consecuentemente, a fin de garantir a existencia das minorías, establécese o principio do sistema de elección proporcional a tódolos niveis.

D. PARTICIPATIVO

EcoGal pretende abrirse para chegar a todos aqueles que buscan un espazo de liberdade, solidariedade e loita contra a inxustiza, a desigualdade, a ignorancia e a marxinação.

Propón actuar colectivamente para liberar as enerxías e a creatividade a tódalas persoas que queren contribuír á emancipación da sociedade das discriminacións e alleacións sociais; pero tamén porque entende esa posición revolucionaria no compromiso diario da súa militancia, nas súas actitudes diante da vida, na súa corresponsabilización e solidariedade no seu círculo social ou na súa implicación nos problemas cotidiáns dos demais.

O noso é unha idea de partido que ten como obxectivos acompañar, organizar, articular, dinamizar e vertebrar a sociedade civil alternativa como xeito de crear a hexemonía que posibilite a transformación.

Un partido capaz de pensar nos problemas e dar alternativas. Que busca canles para elevar a conciencia dos seus e das súas militantes, o seu espírito crítico.

E. ABERTO

Trátase de constituír unha organización de ampla base e plural. Desde o convencemento de que as formulacións da esquerda clásica –socialdemocracia e comunismo- están superadas e/ou desactualizadas, o partido debe estar aberto as persoas que aínda hoxe manteñen e defenden esas definicións como achegas centrais para a nova esquerda, facendo notar a especial relevancia do movemento sindical en tódalas súas expresións, máxime tendo en conta a situación actual.

F. IGUALITARIO

EcoGal loita pola igualdade xurídica, socioeconómica e cultural das persoas, por riba do seu xénero, orientación sexual, nacionalidade, raza, crenzas, situación económica e social. Isto significa a loita contra o racismo, o machismo, a xenofobia ou calquera outro xeito da marxinação e discriminación, e pola construción dunha sociedade en plena igualdade entre homes e mulleres, coa incorporación activa dos valores do feminismo e co pleno respecto e recoñecemento á diferenza.

Isto significa tamén unha loita pola transformación de tódalas estruturas que crean e profundizan as desigualdades sociais e económicas no contexto actual.

G. PARITARIO

Para EcoGal a loita pola emancipación da muller, e contra a súa discriminación, non se formula só como unha proposta política cara a sociedade, senón como un compromiso interno do día a día.

EcoGal traballará por desenvolver a democracia paritaria dentro da súa organización, comprometéndose na participación das mulleres en tódalas estruturas de dirección da organización.

EcoGal é consciente de que a participación da muller na vida pública, tamén na nosa propia vida como organización, aportará elementos culturais e sensibilidades e abrirá espazos ata hoxe descoñecidos para un futuro máis digno e humano.

H. INTERCULTURAL

Vivimos nunha sociedade cada vez máis diversa e permeábel. Fronte a quen ve ás persoas como man de obra e as culturas como elementos a homoxeneizar, apostamos pola diversidade humana e cultural. Rexeitamos calquera xeito de racismo e xenofobia con aquelas persoas que por motivacións económicas, sociais ou políticas teñen que emigrar en busca dun futuro mellor coma tamén con aquelas minorías culturais que conviven con nos desde fai séculos.

A globalización capitalista di sustentarse no liberalismo económico pero isto convertese nunha falacia en tanto en cando existe 'laissez faire, laissez passer' para as mercadorías do norte cara ao sur pero non das materias primas do sur cara ao norte, e crea políticas de inmigración pechadas que impide a libre circulación das persoas.

Estamos convencidas e convencidos que na mestura esta o futuro e na defensa das culturas locais, comezando pola defensa da nosa cultura e lingua.

AS NOVAS FORMAS DE ENTENDER A POLÍTICA

Os partidos convertéronse en clubs privados alleos ás necesidades das súas bases sociolóxicas e electorais. Este distanciamento só se poderá corrixir introducindo elementos de corresponsabilidade, interacción e transparencia que permitan a participación aberta da cidadanía, tales como as listas desbloqueadas, a limitación de mandatos, as votacións primarias abertas aos simpatizantes, a creación de órganos de control social, etc. Entre os principios irrenunciáveis están a democracia e o respecto a todas e todos sen facer do discrepante un disidente, a aposta pola non violencia e o pacifismo, a paridade entre o home e a muller, o respecto ao/á compañeir@.

O PRIMEIRO A SOCIEDADE CIVIL

Queremos un partido que vaia ao encontro coas persoas no mundo do traballo, no da cultura, na solidariedade, no lecer, ... Un partido para todas aquelas persoas que tendo orixes e condicións sociais diferentes fan seus os ideais de progreso. Un partido que dirixa os seus proxectos de transformación a toda a sociedade.

Un partido que valore en positivo a participación crítica da cidadanía, non aposte pola creación de correas de transmisión e que faga un traballo de acompañamento ás persoas na súa loita pola defensa dos seus dereitos.

É necesario buscar mecanismos que permitan relacionar o ámbito social co ámbito político, espazos pensados para a intervención política externa.

O novo partido enténdese coma un instrumento ao servizo da sociedade. A sociedade civil confórmase no social sobre a base de organizacións e movementos cívicos plurais e variados, desde o sindicalismo que posibilitou as conquistas laborais que hoxe se están a poñer en cuestión, ata as correntes nadas de novas demandas de distintos sectores (pacifismo, feminismo, ecoloxismo...) e, por suposto, dos 'novísimos' movementos de indignación, máis 'líquidos', pero que sitúan con claridade as reivindicacións da rexeneración democrática (15M, DRX, 15O).

Ese é o cerne do cambio e o partido non vai a instrumentalizar nin por suposto crear correas de transmisión para condicionar ou manipular os debates sociais, máis ben ao contrario, vai a asumir e a aprender daquelas esixencias da sociedade civil organizada que aposten pola defensa do ben común en cada un dos seus niveis. Neste sentido, consideramos que as leis que regulan dereitos e obrigas fundamentais deben ser ratificadas pola vontade popular por medio de referendos. Calquera modificación ou proposición de lei destas características ou decisións gobernamentais que afecten ás diferentes soberanías (política, económica, alimentaria...), deben estar sempre avaliadas pola vontade popular directa, única garantía de que é o conxunto da cidadanía, sexa cal for a tendencia ideolóxica dos seus membros individuais, a que ten sempre a última palabra.

UNHA ORGANIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN POLÍTICA

O xeito en que actúa a nosa organización é moi variado. Nela conviven estruturas de diferente tipo que responden ao grao de desenvolvemento do partido en cada un dos niveis e mesmo en cada un dos territorios e sectores.

O criterio básico da adscrición no partido debe ser o territorial. No territorio é onde se realiza a afiliación, se cotiza e se efectúa a actividade política. Pero hoxe, desde o punto de vista das relacións económicas, sociais e culturais, o territorio perdeu a súa

centralizade de xeito que moitas das principais cuestións que temos que afrontar non o teñen como referencia fundamental.

Deste xeito, as organizacións territoriais agrupan a compañeiros e compañeiras que teñen en común o territorio onde viven, pero non o ámbito de traballo político no que se queren desenvolver.

Faise necesario darlle un maior impulso a estruturas organizativas de base que respondan tanto ás necesidades da complexa realidade social como ás expectativas e intereses dos afiliados e afiliadas.

As agrupacións deben ser a peza fundamental no plano da intervención política e no contacto coa sociedade, constituírse a partir de ámbitos de actuación política concreta e coa función prioritaria de intervir politicamente no seu entorno.

Pero xunto con esa realidade territorial debe existir unha realidade sectorial en base a comisións abertas que permita agrupar aos militantes e simpatizantes que poidan aportar elementos de elaboración política nos diversos aspectos programáticos.

O debate dos elementos centrais do noso proxecto deben ser un espazo aberto coa máxima implicación desde os grupos de base local ata a Coordinadora Nacional. Poremos en marcha un Consello Aberto (asesor) composto por cidadáns e cidadás dos movementos sociais e de organizacións profesionais e sectoriais que elaboren e enmarquen as políticas do partido. Os órganos executivos non deben substituír xamais aos órganos políticos na elaboración programática e estratéxica.

UN COLECTIVO PARA O ACOMPAÑAMENTO SOCIAL

A nosa vontade transformadora ten que estar necesariamente conectada cos cambios da sociedade. O desenrolo social abriu novos campos de compromiso político nos que a esquerda ten amosado importantes eivas á hora de darlles alternativas. Xurdan por tanto novos protagonistas da transformación social ao calor do ecoloxismo, o feminismo, a solidariedade, o pacifismo, o movemento GLTB, etc. Mesmo, vellos movementos como o sindical buscan ampliar o seu marco de actuación, redobran os seus esforzos de autonomía sindical e pasan a ser suxeitos sociopolíticos se cadra aínda máis fundamentais na nosa sociedade.

Isto debe facernos reflexionar. Un partido non pode ser o territorio das verdades absolutas e inamovibles, senón un instrumento para facer valer as alternativas das xentes e dos sectores sociais aos que quere representar na mediación política. O que queremos é establecer unha vía de dobre sentido, sermos capaces de propoñer á sociedade, e tamén ser quen de recoller da sociedade as súas alternativas.

O partido como tal ha de facer un esforzo por relacionarse dun xeito regular e fluído coas organizacións da sociedade civil, recoñecerlle a súa autonomía e a súa potencialidade para o cambio. Pero ademais hai que implantar con forza unha cultura que valore suficientemente a labor dos moitos compañeiros e compañeiras que entenden o traballo nas organizacións sociais como elemento fundamental do seu enriquecemento político e persoal, como contributo imprescindible ao acervo político e cultural do partido. Unha revalorización que ten que darse á hora de elaborar as propostas, pero tamén no plano orgánico.

ORGANIZACIÓN ABERTA

A política aberta precisa organizacións abertas, accesibles, que teñan capacidade de empatía, de poñerse na pel da xente á que se dirixen, pero sobre todo establecer unha comunicación fluída coa súa base social e co conxunto da cidadanía. Os puntos de orientación son esquerda e dereita, pero tamén dentro e fora, arriba e abaixo, as organizacións políticas deben repensarse para abrirse á súa base social e electoral ou as entidades da sociedade civil desde a autonomía e a confianza. As forzas políticas deberían facer da democracia interna e da relación coa sociedade un exemplo do vínculo goberno-cidadanía, idear canles e fórmulas que permitan facer partícipe á súa base social da súa vontade. As forzas políticas tenden a pensar na militancia e base social como axentes de propaganda en vez de concibilos como activos para a construción dun proxecto compartido.

O VALOR DO ACTIVISMO E A ÉTICA

Ha de garantirse que as persoas empregadas no servizo público traballen en favor do interese xeral. Deben establecerse mecanismos de transparencia e penalización que erradiquen a corrupción e o aproveitamento ilícito dos recursos públicos por parte das persoas ou forzas políticas. Os cargos públicos non deben dispoñer de ningún privilexio particular fora do necesario para o exercicio do ben común. Debemos definir procedementos políticos que preveñan a corrupción, favorezan a renovación democrática e aireen as institucións, establecendo mecanismos de limitación de cargos, acumulación ou permanencia nos mesmos, definindo réximes de incompatibilidade tanto nos cargos públicos como orgánicos das forzas políticas.

Queremos construír unha organización onde o valor do activismo e a ética sexan elementos medulares. Soamente hai unha corrupción peor cá corrupción económica: a corrupción moral. Faise necesario o rendemento de contas permanente e o cumprimento das propostas programáticas, a honestidade fronte á corrupción, a democracia xenuína, así como o diálogo e o compromiso como bases para o entendemento e o acordo. Diante de eventuais actuacións ilícitas non valen escusas de ningunha caste. Apostamos por recuperar a acción política da cidadanía no senso republicano do termo. Ningún membro da directiva política do novo partido cobrará polas súas funcións. No caso de seren necesarias tarefas profesionais contratarase a técnicos subordinados a responsables políticos. Os cargos institucionais cobrarán unha parte do seu salario e non poderán exercer máis de dous mandatos.

SEN ESTRUTURA DA MOCIDADE

EcoGal non practicará paternalismo coa súa xente moza nin tampouco necesitará de espazos para lanzar propostas que non é capaz de lanzar directamente por radicais ou politicamente inconvenientes. cremos na participación da mocidade en pé de igualdade e por iso non crearemos estruturas específicas de mocidade. cousa distinta é asinar protocolos de colaboración cos organizacións da mocidade existentes.

2. CARA A UNHA GALICIA SUSTENTÁBEL

O concepto de desenvolvemento sustentábel ou sustentabilidade, que aquí usamos como sinónimos, é susceptíbel de diversas interpretacións. Aínda que a definición contida no informe “O noso futuro común”, elaborado pola Comisión Mundial sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento (a “Comisión Brundtland”)¹ é a máis espallada, téñense rexistrado unhas 300 definicións de desenvolvemento sustentábel ou sustentabilidade. Estas definicións son produto de visións diferentes do mundo, de distintas ideoloxías, de determinados valores e intereses.

En moitas ocasións, comprobamos como se usa o concepto de sustentabilidade cunha función puramente retórica, recorrendo a el mesmo para xustificar opcións ambientalmente prexudiciais. Como escriben Healy e Shaw, “dado que o concepto pon en tea de xuízo as prácticas establecidas e as relacións de poder existentes, hai forzas que non só queren evitar que atinxa importancia política, senón que, a causa de intereses creados de orde económica e política, pretenden impor determinadas interpretacións do mesmo”².

Consideramos importante aclarar cal é o noso xeito de entender a sustentabilidade, para así podermos comprender mellor a nosa visión da Galicia sustentábel á que aspiramos e a natureza das propostas que defendemos.

En primeiro lugar, queremos salienta que a sustentabilidade ecolóxica que defendemos é de tipo forte. Esta visión avoga por manter intacto o capital natural, ao entender que non é xeralmente substituíbel polo producido pola especie humana. Por tanto, cómpre evitarmos a súa deturpación.

O ámbito espacial de referencia para nós é o global, é o conxunto do planeta. A procura da sustentabilidade a escala galega debe converxer coa procura da sustentabilidade a escala global. Non queremos un país coas súas paisaxes moi ben coidadas mais con estilos de vida e formas de producir que supoñan a degradación doutros territorios e a alteración do clima global, un país que sustente o funcionamento da súa economía na importación masiva e crecente de recursos (combustibles fósiles, minerais, alimentos,...) e na apropiación dunha parte moi superior á que nos correspondería por poboación da capacidade de absorción de dióxido de carbono (CO₂) do planeta. Como afirma Jorge Riechmann, “Ollos que non ven, corazón que non sente” non pode ser o lema dos movementos sociais críticos: pola contra, trátase de asumir responsabilidades. Desenvolvemento sustentábel non pode ser exportación de insustentabilidade³.

O concepto de sustentabilidade co que nos identificamos comprende unha serie de elementos, entre os que destacamos os seguintes:

A IMPORTANCIA DA AUTOLIMITACIÓN

O crecemento económico non pode ultrapasar os límites ambientais, non debemos esquecer que vivimos nun mundo con recursos esgotables e cunha capacidade limitada

¹ Desenvolvemento sustentábel é aquel que satisfai as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades”.

² Cita recollida en “Hacia un desarrollo sostenible para las autoridades locales”, editado pola Axencia Europea de Medio Ambiente.

³ [Sostenibilidad: algunas reflexiones básicas](#). Jorge Riechmann. Insituto Sindical de Trabajo, Ambiente y Salud

de assimilar os impactos da actividade humana. Nun planeta finito, non é posíbel o crecemento material indefinido, a expansión continuada da produción e o consumo, sen degradar as condicións das que depende a vida. A escala global, a escala do planeta, xa superamos os límites ambientais, polo que é preciso facer un axuste ambiental da economía a nivel mundial.

MÁIS ALÁ DO CRECIMENTO ECONÓMICO

Rexeitamos a asimilación entre desenvolvemento sustentábel e crecemento económico sustentábel ou sustentado. Estes dous conceptos claramente diferenciados non poden ser usados como análogos. O desenvolvemento sustentábel implica unha noción de benestar que inclúe tamén compoñentes non monetarias (calidade ambiental, cohesión social, saúde,...), que non aparecen reflectidas nas oscilacións do Produto Interior Bruto. É posíbel o desenvolvemento sen crecemento do consumo de enerxía e de materias primas, sen destrución ambiental. É significativo que no Informe Brundtland non se usase a expresión "crecemento sustentábel".

UN COMPROMISO FORTE COA EQUIDADE

É preciso repartir de forma xusta tanto a riqueza e os beneficios coma os custos ambientais para que, sen superar os límites tolerables, todas as persoas teñan a posibilidade de gozar dunha vida saudábel e confortábel. A equidade humana ten dúas dimensións: xeracional (entre países, clases sociais, sexos e razas) e interxeracional (entre as xeracións actuais e as futuras). Este compromiso coa equidade humana implica, por unha banda, unha importante redistribución, especialmente entre o Norte enriquecido e o Sur empobrecido e, pola outra, pensarmos no futuro, termos visión a longo prazo. Á xustiza humana cómpre engadir a xustiza interespecífica (entre a especie humana e o resto das especies). Debemos deixar espazo para que poidan vivir os seres vivos non humanos que comparten connosco o planeta. Non somos nin os únicos nin os derradeiros habitantes do planeta.

SUFICIENCIA E EFICIENCIA

A eficiencia, facer o mesmo con menos cantidade de enerxía e recursos, é necesaria pero non é suficiente. Non abonda con tecnoloxías máis eficientes, son precisos tamén cambios estruturais e de valores sociais que leven á suficiencia, á moderación, á renuncia ao consumismo. Como sinala a Axenda 21, "para lograr un desenvolvemento sustentábel requiriranse eficiencia na produción e cambios no consumo para optimizar os recursos e minimizar a xeración de residuos"⁴. Precisamos unha revolución da suficiencia e a eficiencia.

PARTICIPACIÓN SOCIAL PROFUNDA

A sustentabilidade só en parte é un asunto de carácter científico-técnico. O saber técnico-científico debe ser tido en conta, mais é "neutro", é dicir, pode ser empregado con finalidades diferentes. Por iso, e como acreditamos nunha democracia participativa, achamos necesaria unha participación social ampla e profunda para decidir as políticas para a sustentabilidade. Particularmente importante nos parece reforzar a influencia no proceso decisorio das organizacións sociais que defenden intereses non representados e

⁴ Sección 1, capítulo 4 do Programa 21.

difícilmente representables (organizacións ecoloxistas, asociacións veciñais, ONGDs,...). A participación social supón un exercicio de responsabilidade e implicación cidadá vital⁵ para o éxito na procura da sustentabilidade, por canto a través dela a cidadanía se apropia do proxecto.

TRES COMPOÑENTES: ECOLÓXICA, ECONÓMICA E SOCIAL

A sustentabilidade procura combinar valores ecolóxicos, económicos e sociais. Esta combinación é continxente, incerta, e debe ser decidida democraticamente.

Aínda que sexa un concepto a miúdo prostituído e obxecto de interpretacións dispares, a sustentabilidade, tal e como o entendemos, está lonxe de ser un concepto pouco relevante, que non supoña mudanzas de fondo calado. Como sinala Michael Jacobs, "en realidade [esta] pode distinguirse moi claramente de obxectivos económicos máis convencionais, por canto non se basea simplemente nos intereses estreitamente financeiros da xeración actual de consumidores ricos do mundo"⁶.


Ollamos a transición cara á sustentabilidade coma un proceso dinámico e aberto de cambio profundo cara a novas formas de producir, consumir e distribuír.

2.1. COMO É A GALICIA QUE QUEREMOS?

De acordo co concepto de sustentabilidade, a Galicia desexada tería estas cinco características principais: con menos déficit ecolóxico, ecoeficiente e limpa, cun territorio ben coidado, socialmente xusta e economicamente próspera.

- CON MENOS DÉFICIT ECOLÓXICO

O déficit ecolóxico dun país defínese como a diferenza entre a superficie que se estima precisa para producir os recursos que consome e asimilar os residuos que xera -é



dicir, a súa pegada ecolóxica-, e a superficie propia, a súa capacidade de carga. A nosa

⁵ Hai que considerar a ciencia na súa xusta medida, é dicir, un saber "inferior" que só pode dar respostas limitadas, puntuais e que non pode guiar na súa totalidade tanto o coñecemento humano como a súa repercusión material. Cómpre unha filosofía e unha ética como coñecemento máis elevado por riba de posibles aspiracións totalitarias e omnipotentes da ciencia.

⁶ La economía verde. Medio ambiente, desarrollo sostenible y la política del futuro". FUHEM, Icaria (1996).

pegada ecolóxica é de 17,1 millóns de hectáreas, o que, tendo en conta que a superficie galega é de 3,04 millóns de hectáreas, supón un exceso de demanda de 14 millóns de hectáreas⁷. Para sustentar o estilo de vida e o modo de produción dun país coma o noso, no suposto de que se xeralizase a todos os países do mundo, farían falla 3 planetas coma a Terra.

Podería ser aceptábel que Galicia tivese un certo déficit ecolóxico, ao se tratar dun país densamente poboado e carente dalgúns recursos que debe importar, mais o noso déficit ecolóxico actual é moi alto e debe reducirse progresivamente, ao igual que o doutros países do chamado Primeiro Mundo. Isto implica o rexeitamento dunha Galicia consumista e produtivista que “exporte insustentabilidade”.

- ECOEFICIENTE E LIMPA

Unha Galicia que produza e transporte mercadorías e persoas e consuma enerxía e auga de forma eficiente, tirando a máxima produtividade posíbel dos recursos naturais.

Unha Galicia que minimize a xeración de residuos sólidos, de emisións á atmosfera e de augas residuais. Cunha calidade alta das augas mariñas e continentais e da atmosfera, sen contaminación acústica, sen solos contaminados, para garantir un ambiente saudábel para as persoas e propicio para as actividades económicas máis dependentes da calidade do ambiente. Un país desnuclearizado capaz de atender a súa demanda enerxética con renovables.

- CUN TERRITORIO BEN COIDADADO E RICA EN BIODIVERSIDADE

Unha Galicia que non maltrate o seu territorio, onde este se use a favor dunha elevada calidade de vida dos seus habitantes e de forma que se conserve e recupere a biodiversidade (diversidade xenética, de especies, de hábitats). Na que tamén impere a xustiza interespecifica.

Un país sen urbanización dispersa e incontrolada, cun medio rural vivo, sen a praga dos lumes forestais, con cidades e vilas máis habitables, co seu rico patrimonio natural e cultural preservado e valorizado. Unha Galicia libre de transxénicos.

- SOCIALMENTE XUSTA

Unha Galicia sen pobreza, con emprego de calidade e con bos servizos públicos (educación, sanidade, transporte, atención á infancia e aos maiores,...). Con igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Que teña tamén en conta os intereses das xeracións futuras.

Unha Galicia sen desigualdades territoriais internas que demande cohesión territorial a nivel español e europeo. E que contribúa a unhas relacións Norte - Sur xustas, a través das políticas públicas (económicas, de cooperación, de inmigración,...), dos hábitos de consumo e das actividades económicas, incluídas as de empresas de capital galego no exterior.

- ECONOMICAMENTE PRÓSPERA

⁷ “Desarrollo sostenible y huella ecológica. Una aplicación a la economía gallega”. Federico Martin Palmero (editor). Editorial Netbiblo.

Unha Galicia que mellore a súa calidade de vida sen dar lugar á deterioración ambiental (tanto dentro como fóra das súas fronteiras), capaz de aproveitar plenamente o seu capital natural dentro dos límites da sustentabilidade ecolóxica e en beneficio propio. Unha país aberto aos intercambios económicos co resto do mundo, mais que dea prioridade á produción e ao consumo locais e á diminución da súa dependencia enerxética externa (petróleo, gas natural, carbón). Que mellore a súa competitividade sen degradar as condicións ambientais e sociais, incrementando a produtividade no uso dos recursos naturais.


Unha Galicia innovadora e cunha forte penetración das tecnoloxías da información e a comunicación.

2.2. A INSUSTENTABILIDADE DA GALICIA ACTUAL

Galicia é un país insustentábel, e éo cada vez máis. Seleccionamos algúns indicadores de sustentabilidade que, sen a pretensión de ofrecer un retrato completo da realidade (para o que sería preciso un conxunto moito máis amplo de indicadores), chaman a atención sobre algúns aspectos especialmente destacables da Galicia insustentábel de hoxe.

- PEGADA ECOLÓXICA


A pegada ecolóxica é un indicador sintético de sustentabilidade que estima o espazo de terra e de auga necesario para producir os recursos que necesita un país e para absorber os residuos que xera. O feito de que a nosa pegada ecolóxica sexa tan alta, mesmo superior á do conxunto de España, explícase, en grande medida, polas emisións de dióxido de carbono (CO₂) das centrais térmicas das Pontes (ENDESA) e de Meirama (UNIÓN FENOSA). Unha parte da súa produción eléctrica consévese en Galicia e outra expórtase.



Fonte: "Desarrollo sostenible y huella ecológica". Federico Martín Palmero, Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas da Universidade da Coruña (editor). Editorial Netbiblo (2004).

- EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO


As emisións galegas de gases causantes do cambio climático non deixaron de medrar desde 1990, ano base do Protocolo de Quioto, especialmente no transporte. Hoxe xa triplicamos o límite de aumento das emisións fixado polo Protocolo de Quioto para o conxunto do Estado español no horizonte 2008/ 2012. Alén de sermos un dos países de Europa onde máis medran as emisións, temos unhas emisións medias por habitante moi altas (15 toneladas en 2005), mesmo superiores ás españolas e ás europeas. Esta diferenza é debida ás enormes emisións CO2 das centrais térmicas de carbón das Pontes e de Meirama.



Fonte: Revista Worldwatch e Departamento de Medio Ambiente de CCOO, baseadas en fontes oficiais.

- CONSUMO DE ELECTRICIDADE

O consumo bruto⁸ de electricidade en Galicia e no conxunto de España non deixa de medrar ano tras ano, mesmo a ritmos superiores aos do crecemento económico, o que é sinal da baixa eficiencia enerxética. Ademais, hai que ter en conta que só o 35,9 % da electricidade producida en Galicia é de orixe renovábel⁹, sendo o carbón, de importación ou autóctono, a principal fonte de electricidade.



Fonte: Balance enerxético de Galicia 2004. Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

⁸ Inclúese o consumo en bombeo.


⁹ No ano 2004.Considérase como renovábel a hidráulica, a minihidráulica, a eólica, a xerada en centrais de biomasa e outros residuos da biomasa.

- GRAO DE NATURALIDADE DOS BOSQUES

Contrariamente á crenza xeral, en Galicia hai poucos bosques e moitas plantacións forestais, como resultado de décadas de política forestal produtivista á medida dos intereses das industrias de trituración da madeira (celulosas, taboleiros). O 65% da superficie arborizada da nosa terra non son verdadeiros bosques senón plantacións, en moitos casos moi vulnerables aos lumes e cunha deficiente xestión desde o punto de vista ecolóxico.

- SUPERFICIE ARTIFICIALIZADA

No período 1987-2000 as superficies artificializadas foron as que experimentaron unha maior variación, medrando case un 20%, un aumento que semella moi relevante en termos históricos. A principal causa deste incremento foi a construción de infraestruturas de transporte, que á súa vez favorecen o crecemento urbanístico disperso para primeira ou segunda residencia. Entre 1990 e 2000, a poboación medrou o 3,5% en Europa e a superficie artificializada nun 13,8%, mentres que en España os aumentos respectivos foron do 4,3% e do 25,4%.




Fonte: Instituto Nacional de Estadística e “Cambios de ocupación del suelo en España: implicaciones para la sostenibilidad” Observatorio de la Sostenibilidad en España (2006).

- REDE NATURA 2000

Galicia está á cola de España en porcentaxe de superficie terrestre que forma parte da Rede Natura 2000 (Lugares de Interese Comunitario e Zonas de Especial Protección das Aves). Alén diso, os espazos galegos Natura 2000 adoitan carecer de planos de xestión e son obxecto a miúdo de agresións ambientais.

- PRODUCCIÓN DE RESIDUOS URBANOS

Entre 1998 e 2003, a xeración de lixo incrementouse nun 23% na nosa terra. O forte crecemento da produción de lixo é un sinal de ineficiencia no uso dos recursos naturais. Para a sustentabilidade é máis importante a redución cá reciclaxe, pero practicamente non se está a facer nada desde as diferentes administracións para previr a xeración de lixo.



Fonte: Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia

- AGRICULTURA ECOLÓXICA

O fomento da produción e consumo de alimentos de agricultura ecolóxica é unha das chaves do desenvolvemento rural sustentábel. A porcentaxe de superficie de agricultura ecolóxica en relación coa superficie agraria utilizada total é moi baixa no noso país, como se ve no gráfico seguinte, con datos de 2004. Porén, segue sen haber un plano con obxectivos cuantitativos para impulsar decididamente a produción e o consumo en Galicia de alimentos ecolóxicos.

- AXUDA OFICIAL AO DESENVOLVEMENTO (AOD)

A AOD é un dos instrumentos para a diminución das desigualdades Norte- Sur, o que é un requisito fundamental para avanzar cara a sustentabilidade global. A AOD da Xunta sempre foi escasa e de baixa calidade. Na actualidade e coa escusa da crise está baixo mínimos

2.3. DEZ EIXOS DE ACCIÓN PARA UNHA GALICIA SUSTENTÁBEL

A continuación salientamos dez eixos de acción que teñen que ver principalmente, aínda que non só, coa dimensión ambiental do desenvolvemento sustentábel. Non supón unha desconsideración dos outros dous esteos indispensables da sustentabilidade, o económico e o social, tal e como se reflicte na nosa forma de entender a sustentabilidade e na visión dunha Galicia sustentábel, mais estes teñen outras persoas responsables de elaborar as propostas

A. ACTUAR FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO

A redución progresiva das emisións galegas que causan o cambio climático permitirá, ao mesmo tempo, reducir o noso elevado déficit ecolóxico e mellorar o estado xeral do medio ambiente en Galicia. Alén diso, e como sinala a Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentábel (EEDS), a loita contra o cambio climático “proporciona oportunidades socioeconómicas importantes, contribuíndo a atenuar outras tendencias de carácter non sustentábel”, por exemplo, a través da redución do consumo enerxético e do

desenvolvemento das enerxías limpas.

Actuar fronte ao cambio climático, o maior desafío ao que se enfronta a Humanidade neste século, é, por riba de todo, unha obriga ética e legal. Aínda que xa constitúe unha ameaza real para as xeracións actuais, non podemos esquecer que serían as xeracións futuras e os habitantes dos países empobrecidos as máis prexudicadas por un cambio climático de dimensións catastróficas que aínda estamos a tempo de evitar. A comunidade científica asegura que os efectos previsibles do cambio climático, tanto a nivel do planeta como da Península Ibérica e de Galicia, serán, en termos globais, moi negativos. A biodiversidade, a saúde humana, as actividades económicas están ameazadas polo cambio climático.

Os custos de contribuírmos desde Galicia, na medida das nosas responsabilidades, ao esforzo global de mitigar o cambio climático, son inferiores aos custos de sufrírmolo e aos múltiples beneficios derivados da redución das emisións que o provocan.

Para diminuírmos significativamente as nosas emisións son precisos cambios estruturais profundos. É especialmente importante reducirmos o consumo de enerxía, renunciarmos á xeración eléctrica con carbón e avanzarmos cara a un modelo de transporte sustentábel. O recurso á enerxía nuclear é innecesario e indesexábel, polo que debe ser rexeitado.

Accións chave:

- Fixar obxectivos cuantitativos de redución das emisións galegas causantes do cambio climático, para todos os gases e en todos os sectores. Na liña do demandado polas principais organizacións ecoloxistas a nivel europeo e mais pola comunidade científica, propomos un obxectivo global de redución do 30% para o ano 2020, e do 80% para o ano 2050, a respecto dos niveis de 1990, tomando en consideración que as emisións por habitante do noso país son superiores ás emisións medias española e europea.

- Demandar perante o Goberno central que os sucesivos Planos de Asignación de Dereitos de Emisión de CO₂ sexan cada vez máis restritivos coas centrais térmicas de carbón, en particular coas galegas das Pontes e de Meirama, que na actualidade queiman só carbón de importación. Asemade, demandarase que as asignacións ás centrais de gas natural (Sabón e As Pontes) sexan acordes cos devanditos obxectivos galegos de redución de emisións e, a nivel europeo, que se inclúa a curto prazo o sector da alúmina-aluminio entre os participantes no comercio de emisións.

- Establecer un Programa de Aforro e Eficiencia Enerxética que fixe obxectivos cuantitativos de redución do consumo enerxético en todos os sectores, cun obxectivo de redución total do 30% no horizonte de aplicación da Estratexia. Para incentivar o aforro e a eficiencia e para facer as renovables máis competitivas, resulta imprescindible reencamiñar as cuantiosas axudas públicas que reciben hoxe as enerxías sucias e facer unha ambiciosa reforma fiscal ecolóxica que penalice o desperdicio de enerxía e grave máis as enerxías sucias.

- Desenvolver un ambicioso Programa de Fomento das Enerxías Renovables, con especial atención á solar, á eólica e á biomasa, orientado por tres criterios principais: aproveitamento o máis descentralizado posíbel, minimización dos impactos sobre o territorio, maximización dos beneficios socioeconómicos para a sociedade galega.

- Implementar un Programa de adaptación ao cambio climático.

B. IMPLANTAR UNHA NOVA CULTURA DO TERRITORIO

O territorio é, ademais de patrimonio e ben común, referencia identitaria e un recurso limitado e esencial para o benestar. A xestión prudente do territorio é fundamental para a sustentabilidade. Como sinala o Observatorio da Sustentabilidade en España, “a consecución do equilibrio do territorio é prioritario para facer un uso sustentábel do capital natural e os seus recursos con cohesión social e eficiencia económica”. É urxente implantar unha nova cultura do territorio en chave de sustentabilidade integral, nas súas vertentes ambiental, social e económica. Unha cultura da sustentabilidade territorial que poña límites á artificialización irreversible do territorio (urbanización difusa, proliferación de infraestruturas de transporte por estrada,...), procure a adecuación dos usos do solo ás súas aptitudes, non destrúa as nosas mellores paisaxes, free a especulación inmobiliaria, facilite o acceso a unha vivenda digna e axeitada, mellore a habitabilidade de cidades, vilas e aldeas e reduza a demanda de transporte motorizado, xerando proximidade.

A nova cultura do territorio, xunto coa xestión sustentábel dos recursos naturais, contribuirá ao obxectivo adoptado no Cumio sobre Desenvolvemento Sustentábel (Johannesburg, 2002) de “reducir significativamente a perda de biodiversidade antes de 2010”.

A continuidade do excesivo protagonismo económico que ten o sector da construción en Galicia e en España de cara ao futuro sería, sen dúbida, un forte obstáculo para o progreso cara a sustentabilidade. É preciso desvencellar o desenvolvemento económico do crecemento do sector da construción, e reorientar o modelo económico para lle dar maior protagonismo a outros sectores con menor impacto ambiental e máis intensivos na xeración de emprego.

Accións chave:

Aprobar unhas Directrices xerais de ordenamento do territorio e un Plano de ordenamento do territorio baixo a lóxica da sustentabilidade, aos que se deberán axustar os Planos Xerais de Ordenamento Municipal (PXOM).

- Protexer de forma efectiva os terreos de titularidade pública. Para iso, atinxirase a delimitación completa do dominio público hidráulico nas bacías de competencia autonómica antes do 2015. Demandarase ao Goberno central que faga o mesmo nas bacías que sexan da súa competencia, así como que complete a delimitación do dominio público marítimoterrestre.

- Promover unha Estratexia de xestión integrada do litoral que procure o seu uso sustentábel, coordinando todas as políticas que inflúen sobre a zona costeira.

- Crear unha rede completa e ben xestionada de espazos naturais de protección especial terrestres e mariños (parques naturais, reservas naturais, paisaxes protexidas, etc) unida por corredores ecolóxicos, que inclúa todos os espazos integrados na Rede Natura 2000. A rede cubrirá o 10% do territorio no 2010 e o 30% no 2020. As súas normas de xestión impedirán a execución de proxectos que son ambientalmente incompatibles nestes espazos: estradas de alta capacidade, industrias contaminantes, parques eólicos, encoros, canteiras, usos agroforestais moi impactantes,....

C. IMPULSAR A XESTIÓN SUSTENTÁBEL DOS RECURSOS NATURAIS

Dependemos fortemente dos fluxos de recursos naturais (materias primas, alimentación, auga, enerxía, ademais do solo), así como dos procesos naturais para absorber un volume crecente de residuos, e non só dos da nosa terra, senón tamén dos do resto do planeta, como pon de manifesto a nosa elevada pegada ecolóxica.

Galicia e o conxunto dos países máis desenvolvidos usan unha parte dos recursos do planeta moi superior á que lles correspondería en relación coa súa poboación. Nun mundo finito, o crecemento da demanda global de recursos que se prevé nos próximos 50 anos por causa da continua e crecente demanda dos países centrais e do crecemento económico de países en desenvolvemento con baixos niveis de riqueza material¹⁰, como China ou India, pode levar a un acusado encarecemento das materias primas e a unha grave sobreexplotación dos recursos naturais.

Para evitar este cadro e atinxir un reparto equilibrado dos recursos, cómpre substituír recursos non renovables por outros renovables, reducir os impactos asociados ao seu uso, incrementar a eficiencia deste (é dicir, facer máis con menos, mellorar a produtividade dos recursos) e diminuír o uso de recursos nos países enriquecidos. É necesario avanzar na desmaterialización absoluta das economías máis ricas a nivel planetario, é dicir, desvencellar nelas a mellora da calidade de vida do incremento dos requirimentos totais de materiais (combustibles, minerais,...).

A desmaterialización progresiva da economía, unida ao aproveitamento eficiente, e en beneficio da nosa sociedade, dos recursos propios de Galicia, sempre dentro dos límites da sustentabilidade ambiental, é de interese non só en termos ambientais senón tamén económicos, ao facer a nosa economía máis competitiva e menos dependente do exterior.

Accións chave:

- Promover a ecoeficiencia e a ecoinnovación para atinxir un obxectivo global de mellora da eficiencia no uso dos recursos naturais (euro/Kg) nun factor 4¹¹ en 2030, comparado con 1990, e nun factor 10 en 2050. Para algúns recursos serían necesarias reducións importantes no seu uso en termos absolutos, para respectar os límites ambientais e contribuír a un acceso máis equitativo aos recursos a nivel mundial.

- Mellorar a xestión e evitar a sobreexplotación, deterioración ou degradación dos recursos renovables (pesca, mariscos, agricultura, bosques e plantacións, auga,...). Priorizar aquelas formas de explotación dos recursos en mellores condicións para atinxir a sustentabilidade, como a pesca artesanal ou os montes veciñais en man común. Aumentar a produción agraria e gandeira galegas con selo ecolóxico até representar o 50 % da total no ano 2030. Limitar a “eucaliptización” e incrementar a superficie cuberta por árbores autóctonas ata supor o 50% da superficie arborada en 2025. Implementar unha planificación hidrolóxica baseada na xestión da demanda de auga e non no incremento da súa oferta e acorde coa Directiva Marco da Auga.

- Implementar unha estratexia de residuos baseada na redución, a reutilización, a reciclaxe e a compostaxe. Diminuír a xeración de residuos urbanos nun 30% en peso para 2025, a respecto do ano 2000, e fixar obxectivos de redución da xeración de residuos industriais por sectores. Crear unha rede de plantas comarcais de reciclaxe e

¹⁰ Estímase que a demanda global de recursos naturais se podería incrementar entre 2 e 5 veces nos próximos 50 anos, como se recolle no informe “Sustainable use and management resources”, da European Environmental Agency (2005).

¹¹ Xerar 4 veces máis riqueza co mesmo consumo de recursos.

compostaxe. Reconverter o complexo ambiental de SOGAMA en Cerceda e abandonar a incineración do lixo .

D. FACER UNHA RECONVERSIÓN ECOLÓXICA DO TRANSPORTE

O transporte é un sector crucial en termos de sustentabilidade. A súa incidencia, directa ou indirecta, en cuestións tan relevantes como o consumo de recursos naturais non renovables, o cambio climático, os usos do solo (urbanización difusa, construción de segundas residencias no litoral,...), a contaminación atmosférica e acústica, a conservación da biodiversidade ou a saúde pública, é moi destacábel. Tamén é, seguramente, o sector onde máis acentuadas son as tendencias cara á insustentabilidade ambiental. Non debe estrañar pois que teña sido definido como o núcleo duro da crise ambiental¹² .

Un sistema sustentábel de transporte debe minimizar os custos ambientais e ser socialmente inclusivo. Debe garantir o acceso de todos e todas aos bens e servizos, fornecer unha oferta diversa e de calidade de modos de transporte e protexer aos grupos máis vulnerables dos riscos sanitarios e de accidentes derivados do transporte (infancia, persoas maiores, con problemas de mobilidade, doentes crónicos).

Estamos de acordo coas principais organizacións ecoloxistas europeas en que, “nun sistema sustentábel de transporte, son os usuarios e usuarias e non o conxunto dos que pagan impostos os que deben pagar polo uso das infraestruturas e os custos ambientais e sociais derivados, de tal forma que sexan incentivadas a facer escollas máis intelixentes e a non socializar os prexuízos asociados ao abuso dos medios privados de transporte”¹³ .

Un sistema sustentábel de transporte será menos custoso tamén en termos económicos. Reducirá os custos para empresas e persoas causados polo conxestionamento. Permitirá destinar unha parte dos custosos investimentos públicos en mantemento e construción de infraestruturas de transporte a atender necesidades sociais apremiantes, alén de reducir os gastos do sistema sanitario e da seguridade social causados polos accidentes de tráfico. Diminuirá a dependencia enerxética. Por outro lado, os límites ás emisións de dióxido de carbono (CO₂) e outros gases de efecto invernadoiro impostos polo Protocolo de Quioto, que serán maiores a partir de 2012, e o réxime de comercio de dereitos de emisión de CO₂, poden supor a medio e longo prazo custos moi importantes pola compra de dereitos de emisión de CO₂, e mesmo levar a deslocalizacións industriais, se as emisións do sector do transporte seguen a aumentar de xeito desbocado.

A xestión da demanda, é dicir, a redución das necesidades de desprazamento (o que pode acadarse a través dun adecuado ordenamento do territorio), xunto coa inversión na xerarquía dos modos de transporte, colocando o coche e o camión no derradeiro lugar, son as chaves principais do transporte sustentábel. É esencial desligar o desenvolvemento do crecemento do transporte e dos custos ambientais e sociais asociados a el.

¹² O Observatorio da Sostibilidade en España fala dos tres T da insustentabilidade en España: Territorio, Transporte e Turismo.

¹³ *A Programme for the Sustainable Development of the European Union*. Birdlife International, CEE Bankwatch Network, Climate Action Network Europe, The European Environmental Bureau (EEB), European Public Health Alliance Environment Network (EEN), Friends of the Earth Europe, Greenpeace, International Friends of Nature, European Federation for Transport and Environmet. 2006.

O ferrocarril debería ser a columna vertebral dun sistema sustentábel de transporte. Para iso, sería precisa a modernización e a ampliación da rede ferroviaria. Especialmente lamentábel é a carencia no noso país de ferrocarril de proximidade (aquele que atende distancias inferiores a 40 km), que RENFE non ten previsto implantar nin sequera entre Vigo e Pontevedra, ou entre Ferrol e A Coruña, a pesar de que a poboación de ámbalas dúas zonas sexa superior á doutras áreas de España, como Santander ou Murcia, onde si existe este servizo.

Accións chave:

- Aprobar un Plano Galego de Transporte e Infraestruturas. Terá como prioridades a “creación de proximidade” e a redución da demanda de transporte, o fomento da intermodalidade e a transferencia de pasaxeiros e mercadorías cara aos modos máis ecolóxicos (camiñar, bicicleta, ferrocarril,...). Entre os seus obxectivos, incluírá os de reducir á metade o consumo de enerxía do sector do transporte en 2025 a respecto dos niveis do 2000.

- Promover un Plano de Modernización do Ferrocarril, xunto co Goberno central e a través da creación dunha rede ferroviaria propia. Este plano deberá ampliar a rede ferroviaria galega, coa construción de novas liñas, comezando pola liña Santiago – Lugo, así como crear cercanías ferroviarias no contorno das setes principais cidades, antes do 2012. O ferrocarril galego debera basearse na dobre vía e en trens eléctricos, de arrancada e freada rápida, con alta capacidade de transporte. Asemade, garantirase unha comunicación ferroviaria moderna co resto da Península Ibérica, desbotándose a alta velocidade estrita (350 km/h) por causa do seu elevado impacto ambiental, enorme custo económico e reducida rendibilidade social.

- Crear unha Rede Básica Ciclista galega. Aproveitará as infraestruturas de transporte urbanas e interurbanas e as pistas agrarias para dotar ao noso país de posibilidades reais de transporte en bicicleta, alén de mellorar a oferta turística¹⁴. Nas vías urbanas e interurbanas de nova construción haberá infraestruturas para a bicicleta.

- Implantar antes de 2012 planos de transporte para todas as empresas de máis de 200 traballadores/as e nos principais polígonos industriais.

- Promover o transporte público no medio rural. Para iso recorrerase a solucións como a creación de empresas públicas e/ou o aproveitamento das liñas de transporte escolar¹⁵.

E. PROMOVER UNHA SAÚDE PÚBLICA DE CALIDADE

O benestar e a saúde da poboación é un elemento central da sustentabilidade. Todos os galegos e galegas teñen dereito a gozar do maior número posíbel de anos de vida con boa saúde, incluída a poboación máis vulnerábel (infancia, maiores, persoas con doenzas crónicas). Aínda que é preciso investigar moito máis, é un feito indiscutíbel que unha elevada calidade do medio ambiente, entorno laboral incluído, é un factor esencial para previr doenzas e gozar dunha vida longa e saudábel.

A xeración de emprego e o desenvolvemento non se poden acadar á custa da saúde pública. O ruído, a contaminación do aire, das augas, do solo, dos alimentos e de

¹⁴ A vía ciclista do Danubio, de 675 Km, é transitada anualmente por preto de 2 millóns de persoas

¹⁵ Neste senso, debería aproveitarse a experiencia do Programa RUTO (<http://www.ruraltransport.net>)

ambientes interiores, a exposición a produtos tóxicos no lugar de traballo ou contidos en produtos de uso cotiá (roupa, cosméticos, produtos de limpeza,...), as alteracións climáticas, os campos electromagnéticos,..., alén de provocaren ou agravaren enfermidades que xeran sufrimento humano, ou de empobreceren a biodiversidade, están na orixe de cuantiosas perdas económicas. Por exemplo, a nivel da UE estímase que se poderían aforrar 161 billóns de euros anuais reducindo as mortes provocadas pola contaminación do aire¹⁶.

O progreso cara a sustentabilidade ambiental comporta indubidables beneficios para a saúde humana. Por exemplo, unha alimentación sen exceso de proteínas animais ou vexetariana, baseada en produtos ecolóxicos producidos na nosa terra, implica unha pegada ecolóxica moi inferior e resulta máis beneficiosa para a saúde humana ca outra baseada en alimentos cárnicos producidos en granxas intensivas. Un modelo de transporte que non descansase no coche e no camión conlevaría un descenso dos accidentes de tráfico e unha mellora da saúde humana (menos ruído, menos contaminación atmosférica, máis exercicio físico,...).

A existencia de servizos públicos sanitarios e sociosanitarios de elevada calidade é un elemento esencial para a calidade de vida e a equidade social. Por iso, consideramos da maior importancia cubrir as importantes carencias existentes na atención sanitaria e a persoas dependentes.

Accións chave:

- Impulsar un Plano de fomento da produción limpa, coa finalidade de reducir significativamente e/ou eliminar o uso de tóxicos e a xeración de residuos en todos os sectores produtivos (industria, agricultura,...). Este Plano debera estar en vigor en 2008 e incluírá obxectivos cuantificados e prazos para acadalos.

- Promover un Plano de loita contra a contaminación acústica, con especial atención ao procedente do tráfico e dos locais de diversión nocturna. Procurará unha redución do 50% dos niveis de ruído prexudiciais para a saúde antes do 2010.

- Mellorar a capacidade de controlar os impactos sobre a saúde de certas substancias (por exemplo, compostos organoclorados e pesticidas) nos alimentos e no medio ambiente, especialmente en nenos e nenas.

- Declarar a Galicia zona libre de transxénicos.

F. XERAR EMPREGOS VERDES

O dilema entre emprego e medio ambiente é falso. A protección ambiental é presentada moitas veces como inimiga da xeración de emprego, que é un elemento central da dimensión social da sustentabilidade. Isto pode ser certo nalgunhas circunstancias, mais en termos xerais, e considerando non só o curto prazo senón tamén o longo prazo, a transición cara a sustentabilidade non é negativa en termos de emprego. Constitúe unha oportunidade para xerar empregos con futuro, a diferenza daqueles que se sustentan na sobreexplotación dos recursos e na destrución ambiental.

¹⁶ Health Organisation, European Union can save up to 161 billion a year by reducing air-pollution deaths.
Nota de prensa.EURO/08/05 Berlin, Copenhagen, Rome, 14 abril 2005
http://www.euro.who.int/mediacentre/PR/2005/20050414_1

O emprego de calidade e a seguridade socioeconómica son requisitos chave para a sustentabilidade. O aproveitamento das posibilidades de emprego que ofrece a transición cara á sustentabilidade, xunto con accións orientadas a compensar as inevitables perdas de emprego ocasionadas a nivel local e sectorial, minimizarán os custos sociais e farán posíbel o avance cara á sustentabilidade sen traumas. Cómpre recoñecer que os axustes precisos na estrutura produtiva reducirán algunhas áreas de actividade e que iso vai xerar unha forte resistencia nalgúns sectores empresariais e sindicais.

Moitas das actividades económicas necesarias nunha economía sustentábel son máis intensivas en man de obra, xeran máis emprego en relación co valor monetario da súa produción que actividades “intensivas en impacto ambiental”¹⁷. Por exemplo, as enerxías renovables crean máis traballo cá industria do carbón ou o petróleo, a eficiencia enerxética máis ca o derroche, a reciclaxe máis cá incineración, a pesca artesanal máis cá industrial, a silvicultura ecolóxica máis cá intensiva, o gasto público en servizos sociosanitarios máis ca o investimento en autovías, o turismo baseado na oferta hoteleira máis ca o sustentado na construción de segundas residencias¹⁸,...

A implementación efectiva da lexislación para a protección ambiental e a xestión sustentábel dos recursos naturais podería levar á perda dalgúns empregos, mais é incuestionábel que xeraría moitos, tanto no sector público como no privado.

Accións chave:

- Desenvolver un ambicioso programa para a creación de emprego público verde, para garantir un alto grao de aplicación da lexislación de protección ambiental (axentes forestais, policía autonómica ambiental, inspectores ambientais,...), fomentar a investigación e o desenvolvemento orientados cara á sustentabilidade, impulsar a educación ambiental, desenvolver proxectos de recuperación ambiental, etc.

- Impulsar programas e iniciativas específicas para fomentar o investimento sustentábel, como un ambicioso programa para a renovación de edificios construídos co obxectivo de reducir o seu consumo enerxético¹⁹.

G. REALIZAR UNHA AVALIACIÓN RIGOROSA DE POLÍTICAS, PLANOS E PROXECTOS

A avaliación desde o punto de vista da sustentabilidade de políticas, de planos e programas (avaliación ambiental estratéxica), e de proxectos, é un instrumento de enorme importancia para prevenir os danos ambientais e promover a sustentabilidade nas súas tres dimensións (ambiental, social e económica). Mais para iso debe ser implementada de forma esixente e rigorosa, o que non ten acontecido en moitos casos no eido no que se ten aplicado até o momento, o da avaliación ambiental de proxectos. A avaliación ambiental non se pode entender como unha fin en si mesma, como un trámite administrativo máis.

¹⁷ El empleo en una economía sostenible. Michael Renner. Centro de Documentación y Estudios Bakeaz.1994

¹⁸ O crecemento desproporcionado da segunda residencia no litoral español trouxo unha diminución relativa da rendibilidade socioeconómica a medio e longo prazo obtida por unidade territorial. As prazas turísticas regradas xeran 10 veces máis actividade económica cás non regradas.

¹⁹ A semellanza da “Alianza de Alemaña para o Emprego e o Medio Ambiente” adoptada polo Goberno alemán a finais de 2000, que se marcou como obxectivos renovar 300.000 apartamentos, creando 200.000 empregos e unha redución de 2 millóns de toneladas/ano de CO2.

Alén da avaliación de planos, programas e proxectos, á que obriga en determinados casos a lexislación vixente, todas as políticas deberían ser obxecto dunha avaliación do seu impacto sobre a sustentabilidade, desde o mesmo inicio da súa concepción. Cómpre avaliar os seus potenciais custos e beneficios económicos, sociais e ambientais e facer pública esa avaliación perante a cidadanía.

A recente entrada en vigor da Lei 9/2006 sobre avaliación ambiental estratéxica constitúe un importante desafío para as Administracións públicas. A avaliación ambiental estratéxica debe facilitar a correcta selección de alternativas nunha fase inicial da planificación. Para iso é preciso que as diferentes alternativas posibles sexan formuladas, incluíndo a opción de non desenvolver todas ou algunhas das accións do plano ou programa.

A experiencia da aplicación da avaliación ambiental de proxectos ten sido moi insatisfactoria: escasa participación pública, mala calidade de moitos dos estudos de impacto ambiental cos que se inicia o procedemento de avaliación, aprobación de declaracións ambientais positivas a numerosos proxectos cun elevado impacto ambiental segundo os técnicos da propia Xunta, falta de seguemento do cumprimento das condicións impostas aos promotores nas declaracións ambientais,... É precisa unha nova cultura da avaliación ambiental que desterre a idea de que o seu papel se limita a xustificar os proxectos, a simplemente facelos menos malos desde o punto de vista ambiental.

Accións chave:

- Establecer unha metodoloxía para avaliación do impacto sobre a sustentabilidade das políticas e aplicala.

- Mellorara normativa autonómica de avaliación ambiental de proxectos, incorporando medidas como a obrigatoriedade de incorporar un técnico ambiental á dirección da execución das obras sometidas a avaliación, a creación de sistemas de acreditación de equipos redactores que favoreza a independencia e calidade dos estudos de impacto ambiental ou a ampliación das posibilidades de participación pública ao longo de todo o procedemento²⁰.

- Garantir a máxima transparencia e participación social, aproveitando as posibilidades que ofrece neste sentido Internet, aplicación dunha fase de “scooping” (consultas previas), organización de debates públicos, toma en consideración real das alegacións formuladas,...

H. APLICAR INSTRUMENTOS BASEADOS NO MERCADO

Tal e como se sinala na revisión da Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentábel, “Quizais a ferramenta máis poderosa para promover o cambio [cara á sustentabilidade] é asegurar que o mercado emite os sinais apropiados (“getting prices right”), fornecendo un incentivo decisivo para que a xente mude o seu comportamento”. Isto significa que os custos ambientais deben ser incorporados dalgunha forma nos prezos. Deste xeito, os produtores terán un incentivo importante para producir, e os consumidores para consumir, bens e servizos con menor impacto ambiental. Os

²⁰ Medidas como as citadas foron propostas nas I Xornadas sobre a Avaliación de Impacto Ambiental na Administración (Santiago, Outubro de 2003), que reuniu a técnicos responsables da avaliación ambiental en diferentes Administracións españolas.

instrumentos baseados no mercado son imprescindibles para complementar a regulación legal e a información e educación ambiental.

Os instrumentos baseados no mercado tratados nesta proposta (impostos e taxas, dereitos de emisión comercializables, axudas e incentivos públicos), se foren ben deseñados e aplicados, son valiosas ferramentas para avanzar cara á sustentabilidade, en particular, e como sinala a Axencia Europea de Medio Ambiente, para se enfrontar ao desafío do cambio climático, conservar a biodiversidade, protexer a saúde pública e atinxir unha xestión sustentábel dos recursos naturais²¹.

Galicia foi pioneira no eido da imposición ambiental autonómica, coa introdución do canon de saneamento de augas (1993) e coa creación do imposto sobre a contaminación atmosférica (1995), aínda que se trata de tributos con moitas debilidades. Porén, a Xunta non quixo afondar nesa vía. Alén de tributos similares ao galego, outras Comunidades Autónomas xa implantaron impostos sobre as emisións de dióxido de carbono (CO₂), sobre grandes áreas comerciais (por causa dos danos xerados polo tráfico que inducen),... A Xunta debería aproveitar plenamente as súas competencias para desenvolver a tributación ambiental, destinando os ingresos obtidos por esta vía á mellora do estado do medio ambiente.

As axudas públicas son outro poderoso instrumento para influír sobre a actividade económica nun sentido favorábel ou contrario á sustentabilidade. Por iso, é moi importante reencamiñar as axudas destinadas a actividades insustentables cara a actividades que favorezan a ecoinnovación, a ecoeficiencia, a xestión sustentábel dos recursos naturais e a conservación da biodiversidade.

O gasto das Administracións públicas representa unha porcentaxe importante do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia. É evidente que a contratación pública verde, é dicir, a aplicación de criterios sustentables na contratación de bens e servizos por parte das Administracións públicas representaría un impulso moi importante á produción e ao consumo de bens e servizos sustentables (aforro enerxético, enerxías renovables, papel reciclado, agricultura ecolóxica, etc). Alén diso, a contratación pública verde exercería unha estimábel función educativa para o conxunto da sociedade e, en moitos casos, representaría un aforro de diñeiro para os orzamentos públicos.

Accións chave:

- Desenvolver a imposición fiscal autonómica verde, a través da reforma dos tributos existentes (imposto sobre a contaminación atmosférica, canon de saneamento), para os tornar máis efectivos, e da - introdución de novos tributos, como un sobre o lixo (para reducir o vertido e a incineración), un sobre as canteiras (para gravar a tonelada de material extraído), un sobre as grandes superficies, etc. Demandar a nivel estatal a aplicación dunha reforma fiscal ambiental.

- Implantar a contratación pública verde. Facer da contratación pública verde unha ferramenta para a sustentabilidade en todos os niveis da Administración, procurando que represente o 50% en 2010 e o 100% a partir do 2015.

- Identificar e establecer un calendario para eliminar progresivamente as axudas públicas a actividades insustentables, co obxectivo de as eliminar totalmente en 2010.

- Demandar perante o Goberno central que os sucesivos Planos de Asignación de Dereitos de Emisión de CO₂ sexan cada vez máis restritivos coas centrais térmicas de

²¹ Market - based instruments for environmental policy in Europe. European Environmental Agency Technical report 8/2005.

carbón, en particular coas galegas das Pontes e de Meirama, que a partir de 2008 só empregarán carbón de importación. Asemade, demandarase que as asignacións ás futuras centrais de gas natural (Sabón e As Pontes) sexan acordadas cos devanditos obxectivos galegos de redución de emisións e, a nivel europeo, que se inclúa a curto prazo o sector da aluminaaluminio entre os participantes no comercio de emisións.

- Estudar a implantación de peaxes en tramos da rede autonómica de estradas con problemas de conxestión e destinar os posibles ingresos obtidos á mellora do transporte colectivo³⁴.

I. GARANTIR A APLICACIÓN DA LEXISLACIÓN AMBIENTAL

O grao de incumprimento da lexislación de protección ambiental no noso país é moi alto, pódese cualificar mesmo de escandaloso. A escasa vontade política para aplicar tradúcese na enorme insuficiencia de medios destinados a informar á sociedade sobre a súa existencia e a fiscalizar o seu cumprimento efectivo. Non é nin moito menos excepcional que sexan os propios gobernos (central, autonómico e municipais) os que ignoran e incumpren a normativa de protección ambiental, dando así un pésimo exemplo ás empresas e a particulares.

Sen dúbida, é preciso ampliar e mellorar a lexislación de protección ambiental. Porén, cremos máis importante salientar neste documento o poderoso impulso cara á sustentabilidade que representaría multiplicar os esforzos para a implementación da lexislación existente. De pouco servirá termos unha lexislación mellor se persiste o desleixo actual na súa aplicación, se se aplica en moi pequena medida, particularmente cando afecta ás propias Administracións e a grandes empresas.

Coidamos que é particularmente importante garantir a aplicación intensa das normas que transpoñen á nosa lexislación algunhas directivas da Unión Europea de grande relevancia: de prevención e control integrado da contaminación, de avaliación ambiental de planos e programas (avaliación ambiental estratéxica) e de proxectos, hábitats, marco da auga e de tratamento de augas residuais urbanas.

Accións chave:

- Reforzar os medios humanos e materiais destinados á vixilancia ambiental (axentes forestais, policía ambiental autonómica, gardería de Augas de Galicia,...), para informar, disuadir e reprimir, con atención especial a áreas como os vertidos industriais, a construción ilegal, os incendios forestais, o ruído e o cumprimento das condicións das declaracións de impacto ambiental. Neste sentido, crearase unha policía ambiental autonómica.

- Reforzar os medios humanos e materiais dos servizos administrativos, para garantir unha ampla e correcta aplicación da lexislación, en particular da citada máis arriba.

- Desenvolver convenios de colaboración coas seccións de Medio Ambiente das Fiscalías para ampliar e mellorar a súa capacidade de actuación.

- Difundir un informe anual no que se recolla o labor desenvolvido polas diferentes Consellerías para a aplicación da lexislación ambiental. O informe cuantificará os recursos destinados a este fin, os procedementos de sanción tramitados e as actuacións remitidas ás fiscalías por poderen ser constitutivas de delito.

K. FOMENTAR A EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE

A educación ambiental para a sustentabilidade é unha ferramenta fundamental para a mudanza. Para enfrontarmos o enorme desafío que representa a sustentabilidade é preciso un esforzo intenso e permanente de educación ambiental, non só dos nenos e nenas, senón de toda a sociedade, incluídas, por exemplo, as persoas maiores, que tamén poden xogar un importante papel a favor dunha sociedade sustentábel

Os galegos e as galegas son cada vez máis conscientes da necesidade e da conveniencia de camiñar cara a sustentabilidade. O desafío é fortalecer esa conciencia e traducila en accións efectivas, a través de incentivos legais e económicos e do exemplo dos gobernos. A educación ambiental só leva a cambios de comportamento cando o marco legal, o mercado, a oferta de servizos, favorecen eses cambios. A educación ambiental pode levar ás escollos certas cando éstas non supoñen un grande esforzo adicional, mais de pouco serve cando as opcións sustentables son economicamente máis custosas ou moi difíceis de atopar ou de aplicar.

A educación ambiental debe procurar un cambio de valores que mude as aspiracións sociais. Se a maioría da sociedade identifica mellora do benestar con incremento continuado da riqueza material, con aumento sen fin das “necesidades, se, por exemplo, todas as familias pretenden ter máis dun coche, unha segunda residencia e facer viaxes turísticas en avión con frecuencia, a sustentabilidade será moi difícil de atinxir. É preciso que o benestar non se identifique, sobre todo, con riqueza material, senón tamén cun entorno saudábel, con cohesión social, cunha boa oferta de servizos públicos, coa conservación do patrimonio ambiental e cultural, cun mundo en paz e sen desequilibrios NorteSur. A información e a educación ambiental son requisitos indispensables para construír unha democracia participativa, para posibilitar unha participación social intensa nos asuntos públicos que teñen que ver coa sustentabilidade.

Accións chave:

- Actualizar e aplicar a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA). A EGEA, aprobada en 1999, reuniu un importante apoio dos axentes implicados na educación ambiental, mais foi esquecida pola Xunta pouco despois de ser aprobada polo que case non ten saído do papel.

- Considerar a educación ambiental como unha ferramenta de xestión. Todas as políticas, planos e programas con incidencia no medio contemplarán a educación ambiental como unha das súas ferramentas.

- Establecer un Programa de implementación do Convenio de Aarhus sobre acceso á información, á participación pública na toma de decisións e ao acceso á xustiza en asuntos ambientais.

3. A DEFENSA DO BEN COMÚN

3.1. A DEFENSA DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

As políticas públicas teñen que ver con todo o que significa o mantemento dos dereitos que se foron desenvolvendo en Europa nos últimos decenios, coas expectativas de novos dereitos e coa promoción do que deu en buscar un certo nivel de benestar e progreso social: a sanidade, a educación, o emprego, as relacións laborais, a xustiza, a vivenda, a cultura, a inclusión social....

Podemos considerar que o nivel de benestar dunha sociedade será maior canto maior sexa o desenvolvemento das súas políticas públicas e a implicación da cidadanía nas súas definicións, desenvolvemento e avaliacións.

Hoxe en día asistimos a un acoso xeneralizado ás políticas públicas, no marco dunha perda de competencias dos axentes normalmente implicados na súa definición e implementación. A propia soberanía nacional, alicerce da democracia moderna está, ao marxe das cesións voluntarias de competencias en organismos superiores, progresivamente posta en cuestión por un tipo de globalización desregulada, sen controis democráticos que contrarresten as ansías de rápidas plusvalías. Asistimos a un proceso de posta en cuestión dos propios mecanismos representativos da democracia moderna, xa non só das políticas propias dun estado social. As decisións sobre as políticas públicas están moi condicionadas por decisións tomadas en ámbitos pouco democráticos.

Non obstante é absurdo negar a realidade dunha mundialización facilitada polos avances en comunicación, tecnolóxicos e científicos, que facilitan o progreso cultural do conxunto da humanidade. Coma case sempre, a opción máis satisfactoria non consiste en defender voltas ao pasado, que negue as contradicións actuais, senón en atopar unha nova síntese liberadora. Cómpre avanzar na articulación de mecanismos de control democrático, de organismos reguladores que medien o resultado das actividades humanas ao servizo do ben común e, mesmo, da supervivencia física do planeta.

As citadas políticas non poden xurdir máis que dunha suma de vontades con capacidade de acción suficiente para implementalas. E ademais non podemos obviar a necesidade de articular globalmente a defensa común desas políticas a nivel internacional. Non podemos esperar, por exemplo, que co apoio popular a gobernos ultrareaccionarios en case toda Europa, sometidos aos intereses de poderosos grupos de presión de tendencia monopolística, a resultante política poida ser avanzada, igual que sucede no noso país ou no conxunto do Estado Español.

As posicións do liberalismo económico que cuestionan os principios nos que se basean as intervencións do Estado do Benestar non deben ser confundidas co cuestionamento da eficiencia dos seus servizos e das formas tradicionais de organización e xestión do mesmos. Estes dous debates, por unha banda o dos fins e valores das intervencións públicas e, pola outra banda, o dos medios – fórmulas organizativas – que pretenden solucionar os seus problemas para consolidalo, mistúranse con certa frecuencia e isto contribúe a confundir as cuestións centrais de ambos plantexamentos. Asemade, inda que ambos debates son diferentes, non deixan de estar interrelacionados: de feito a ineficiencia dos servizos do Estado do Benestar é utilizada como pretexto e argumento para propugnar o seu desmantelamento dende posicións conservadoras e, dende os plantexamentos contrarios, a defensa do Estado do Benestar serve en ocasións para defender modos organizativos obsoletos e ineficientes.

Son necesarios cambios nas actitudes individuais comprometéndose na defensa das políticas do ben común e con hábitos de consumo e aforro coherentes con estas actitudes.

Participación cidadán e desenvolvemento das políticas públicas

A xente ten cada vez máis ganas de participar en política e sentirse protagonista da súa propia vida, pero a inercia de seguir funcionando con vellos esquemas crea unha desafección cidadá que, por un lado busca novas canles alternativas de participación e fomenta un radical espírito cívico, mais por outro aumenta o déficit democrático imposto polos intereses dominantes dun neoliberalismo salvaxe, e a maioría das veces con intereses transnacionais.

A propia comisión europea elaborou, en xullo de 2001 un libro branco sobre a gobernanza europea no que se establecía como diagnóstico que “os cidadáns teñen cada vez menos confianza nas institucións e nos políticos ou, simplemente non están interesados neles”, e propón “abrir o proceso de elaboración das políticas da UE coa fin de asociar a un meirande número de persoas e organizacións na súa formulación e aplicación”. Todo o mundo recoñece xa o déficit democrático do xeito habitual de facer política.

Non obstante o desenvolvemento deste obxectivo está por facerse tanto no ámbito europeo coma no nacional. Cando se fala de “gobernanza” instintivamente nos poñemos a tremer. De certo os criterios de Gobernanza obedecen máis a escuros intereses particulares e minoritarios, que á busca de lexitimidade e implicación popular. Isto é así, non tanto por que erre o diagnóstico do déficit democrático, canto porque, como se ten dito xa, as institucións democráticas están “secuestradas” por grupos fácticos e intereses corporativos, que actúan como auténtico poder na sombra coa pasividade xeral da poboación. Moitas veces, as decisións están dirixidas por institucións non elixidas democraticamente, que conseguen implementalas como políticas públicas. Non hai máis que asistir á escandalosa visión da chamada política de “porta xiratoria” para observar a permeabilidade coa que os gobernantes pasan dos gobernos públicos á empresa (transnacional) e da empresa ao goberno.

Lonxe de avanzar no enriquecemento democrático asistimos a un interese dos actuais dirixentes por limitar o alcance das políticas públicas e, incluso, facelas desaparecer totalmente coa entrega directa das súas competencias a entidades creadas para o interese particular ou privado. Estas políticas de abandono do público van acompañadas do desprestixio directo dos traballadores públicos e especialmente en todo o que pode supoñer a súa meirande competencia e independencia como garante dun compromiso escrupuloso coas normas administrativas, por riba dos intereses dos grupos políticos xestores da organización administrativa en cada momento concreto

A pesares de que os avances tecnolóxicos facilitan o incremento da representatividade social no desenvolvemento das políticas públicas que aumente a súa lexitimidade e eficacia, recorrese, cada vez máis, a un funcionamento máis discrecional e unilateral.

Así estamo afeitos ao recurso habitual a elementos rápidos de elaboración lexislativa, tipo Decreto lexislativo e, incluso, á utilización abusiva do proceso de elaboración dos orzamentos xerais con leis de acompañamento que regulan aspectos substancias das políticas públicas, sen ser sometidas ao debido procedemento parlamentario e social. Incluso moitas veces, recorrese a procedementos ou regulacións

carentes de respaldo normativo, facendo recaer sobre o cidadán a súa impugnación (caso recente, da tarxeta sanitaria ou moitos elementos da reforma de elementos da función pública)

É necesario, pois, fundamentar as políticas públicas no debate político e social, na competencia técnica dos programadores, na independencia da administración, na avaliación dos resultados... Mais é necesario, tamén, introducir unha lexitimidade centrada na participación social para a súa mesma elaboración e posta en marcha. É necesario a creación de redes colaborativas que integren aos elementos da sociedade civil interesados no desenvolvemento das correspondentes políticas públicas. Só con esta vontade de organizar á sociedade para facela participe do goberno da política e da administración poderanse superar os déficits democráticos e a crecente desafección. Máis está vontade só pode existir na maioría da poboación interesada e só poderá xurdir por un crecente movemento reivindicativo da nosa propia condición de cidadanía.

Por outra banda todas as grandes políticas públicas son cada vez máis transversais: a saúde non se pode entender sen a participación de programas escolares, a participación da comunidade en hábitos de saúde, a prevención de riscos nas empresas... é dicir un conxunto de espazos que van máis alá dos lindes dunha consellería. No mesmo senso poderíamos falar de calquera outra política pública: un ensino humanista necesita saír dos muros escolares e relacionarse co ámbito familiar facilitado por programas de conciliación, pero tamén no mundo empresarial dende formación continua, coas administracións locais dende programas culturais, dende a coxestión comunitaria dos centros escolares como equipamento de uso público fora dos horarios lectivos; a necesidade evidentes de que os programas destinados a inclusión social, máis alá dunha pequena renda de inclusión promovan a interrelación de programas sanitarios, educativos, orientación social e laboral..., as políticas de fomento a emprendedores teñen que estar relacionadas coa investigación, co desenvolvemento de novos coñecementos e tecnoloxías, co fomento da economía social, a orientación escolar, programas culturais de intercambio, e dende logo teñen que ver con algo que transcenda ás típicas subvencións directas ou indirectas a empresas e moito menos á tradicional perda de dereitos relacionadas coa dignidade das persoas posuidoras da forza de traballo e auténticas produtoras de calquera tipo de mercancía.

A dignificación do ser humano reubicandoo na cerna do sistema social en canto produtor auténtico dos bens materiais e culturais, transcende a visión limitada que pretende reducirnos á un elemento máis do sistema produtivo en canto posuidores dunha forza de traballo coa que debemos negociar. Máis se como individuos integramos persoalmente a saúde, a educación, o traballo, o coñecemento... en canto colectivo tamén, e as políticas públicas non poden separar estas compoñentes en cuartos pechados.

É necesario rachar coa visión de organigramas pechados dos que colguen as liñas xerárquicas correspondentes. Pero as fendas desta rotura deben permitir a entrada da cidadanía para a súa apropiación e participación. Isto implica un compromiso incuestionábel de participación madura por parte da sociedade, de asunción duns valores de compromiso cidadán e tamén a necesaria asunción político-administrativa da "educación para a cidadanía" e a promoción da participación como primeira política pública de indubidábel transversalidade. Por suposto o primeiro obstáculo que terá que vencer a implantación das políticas públicas enfocadas ao ben común será a resistencia dos grupos fácticos poderosos aínda que respondan aos intereses dunha minoría rapinenta. A resistencia exercerana a todos os niveis e debemos ser constantes no empeño

Principios básicos das políticas públicas

As políticas públicas deben referirse aquelas intervencións que teñen maior impacto en configurar o benestar e calidade de vida na cidadanía. Estas intervencións incluírán os seguintes compoñentes²²:

- 1 As transferencias sociais, das cales as pensións son o grupo máis importante.
- 2 Os servizos públicos: a sanidade, a educación, os servizos de axuda ás familias (dependencia e escolas de infancia) e os servizos sociais.
- 3 As intervencións normativas de defensa do traballador, do consumidos e de protección do medio ambiente.
- 4 A creación de emprego. A responsabilidade non só de garantir a creación de emprego no sector privado, senón tamén, cando o sector privado non sexa capaz de crear suficiente emprego, de crear emprego público

O desenvolvemento desta políticas descansará sobre:

- Financiamento a través dos orzamentos xerais
- A profesionalización e o exclusivo sometemento ás normas das Administracións públicas, como garantía de competencia e independencia.
- A apropiación da administración pola cidadanía e a participación da sociedade civil mediante un sistema de redes colaborativas na planificación, desenvolvemento e avaliación das políticas públicas.
- A transversalidade na implementación das políticas públicas.

3.2. A SAÚDE COMO DEREITO

Entendemos por saúde o estado de benestar físico, mental e social do individuo e tamén da colectividade e non só a ausencia de enfermidade (OMS, 1946).

O obxectivo a conseguir sería que todas as persoas acadaran plenamente o seu potencial de saúde. Os valores a seguir serían os marcados pola estratexía Saúde21 da OMS:

- A saúde como dereito fundamental das persoas
- A equidade en materia de saúde e a solidariedade de acción entre todos os países, dentro deles e entre os seus habitantes
- A participación e responsabilidade das persoas, os grupos as institucións e as comunidades no desenvolvemento continuo da saúde.

Ao enfoque tradicional das políticas de saúde con intervencións sobre os estilos de vida e asistencia sanitaria, hai que engadirlle novos elementos como o enfoque multisectorial (dende perspectivas culturais, sociais, económicas, ambientais e de xénero) para facer fronte aos determinantes da saúde e a participación da poboación na toma de decisión. Abondando neste último punto, trataríase de implicar a diferentes axentes relevantes en materia de saúde (nos fogares, centros educativos, centros de traballo) e tanto a nivel local, autonómico e estatal, que promovan a toma de decisións, a aplicación e a responsabilidade conxunta.

²² Navarro V. <http://www.vnavarro.org>

Consideración do actual sistema de saúde

Na actualidade encontrámonos insertos en discursos oficiais de dificultades, limitacións e falta de recursos, configurando o que se denomina a "crise da sanidade pública". Sobre esta premisa oficialista, pódese identificar claramente o fracaso do seu modelo hexemónico estatal-reducionista, que pouco ou nada achegou á saúde das persoas. As súas políticas psicópatas corporativistas xeraron un mercado da saúde onde o ser humano é un obxecto clasificado como paciente-cliente que demanda un sistema de intervención sanitaria paternalista lonxe das súas necesidades reais. Ademais o discurso oficialista esconde unha verdadeira falacia e espolio á cidadanía como xa veñen denunciando grupos cidadáns como en Catalunya (<http://www.cafeamblet.com/press/?p=17005>) ou SOS Sanidade Pública en Galicia (www.sos-sanidadepublica.org).

Vivimos coa ilusión de que a sanidade pública foi creada e mantida como servizo asistencial para cubrir a demanda de enfermos e curar as súas enfermidades. Como usuarios do sistema de saúde público estatal, só percibimos que en tanto que é un servizo público, temos dereito a recibilo de forma gratuíta e de calidade, mentres que valoramos os recortes como unha ameaza da perda de calidade da asistencia sociosanitaria.

Clarificar en que consiste o sistema de saúde actual é a primeira responsabilidade a asumir. Non é saudábel que sigamos descoñecendo as verdadeiras intencións que hai detrás destes axustes na reestruturación e modernización do seu sistema. A saúde é concibida como un sector estratéxico dentro do sistema capitalista e é este mesmo quen xera as enfermidades ou as cronifica, xa que é un factor económico de gran significación, como parte da súa estratexia. O ser humano enfermo é un factor determinante na cadea de valor da economía no capitalismo. Manter o uso dos centros sanitarios e as prestacións que requiren alta tecnoloxía é asunto de rendibilidade e utilidade, e o público xa non lles ofrece rendibilidade. Os centros de atención primaria que prestan a primeira atención sanitaria, pasan a ser os fornecedores de clientes con diagnósticos significativos, derivándoos a especialistas co afán de alimentar o gran negocio da saúde. A promoción da saúde e a prevención de enfermidades, son obstáculos para os seus fins de negocio e deseñan novas estratexias para que o mercado creza e sexa rendíbel.

A nosa saúde depende de tres factores: a predisposición xenética, o estilo de vida e o ámbito. O primeiro se pode coñecer pero non modificar, o estilo de vida e ámbito se son modificables. A saúde debería ser, ante todo, preventiva ao actuar sobre estes factores. A sanidade actual céntrase na alta tecnoloxía diagnóstica e a terapéutica sintomática que incrementaron os custos pero non están achegando un melloría global do benestar físico e psíquico, de feito están a xurdir novos problemas de saúde e cronificación dos xa existentes.

Garantir o sistema sanitario público, universal e gratuíta

A sanidade é sen dúbida algunha, de entre todas as políticas públicas do benestar, unha das máis cuestionadas nos últimos anos. Os valores fundamentais que orixinaron os sistemas sanitarios nos países desenvoltoos son debatidos con frecuencia. O denominador común dos sistemas sanitarios destes países – coa excepción parcial de Estados Unidos – é a asunción por parte dos Estados da responsabilidade de garantir a toda a cidadanía a cobertura do risco de enfermarse co correspondente seguro obligatorio. Esta garantía tradúcese en servizos sanitarios gratuítos para a poboación cando necesita

deles.

En Galicia – e no Estado Español – o Sistema Nacional de Saúde (SNS) e os seus valores fundamentais (equidade, solidariedade e universalidade) teñen un sólido apoio social. Porén, este acordo social nos principios non exclúe a existencia de propostas de cambio profundamente contraditorias na práctica cos valores cuxa vixencia se proclama²³.

O contraste existente entre o claro apoio popular aos valores do SNS e a súa contraditoria implementación política estaría a reflectir a complexidade do sector sanitario, os variados intereses que nel conflúen, e a exclusión nestes debates da participación do conxunto da cidadanía.

A imposición de reducir o déficit público sitúa á sanidade no centro do debate orzamentario e político galego – e tamén español. A visión da problemática sanitaria dende un punto de vista simplificador do gasto orzamentario, sen ter en conta a contribución do sistema á cohesión social e ao benestar da sociedade, da lugar a multitude de propostas que ameazan os valores fundamentais do SNS, e a experiencia amosa que non contribúen nin a mellorar a eficiencia nin á contención de custos.

Algunhas propostas concretas

- Potenciar a participación comunitaria
- Mellorar a coordinación entre os diferentes niveis do sistema dando un maior protagonismo á atención primaria e á saúde pública.
- Potenciar a rede sanitaria pública e revisar e regular máis as concertacións co sistema privado, por razóns de eficiencia e de calidade.
- Fomentar o recoñecemento da valía dos profesionais do sector sanitario público e potenciar a súa dedicación exclusiva.
- Mellorar os sistemas de información do sistema de saúde. Aumentar a transparencia destes sistemas de información tanto a nivel autonómico como estatal.

A saúde non pode permanecer por máis tempo, secuestrada pola ditadura mercantilizadora (xa sexa de carácter estatal - "pública" - ou empresarial "privada"). A saúde non pode ser un negocio, polo que os nosos corpos e consciencias tampouco poden ser mercadoría ao servizo dos estados, as farmacéuticas, os laboratorios e o resto do aparato sanitario dominante.

Non podemos obviar a importante loita que se está a desenvolver no seo da sanidade pública, camiño emprendido polo poder cara á rendibilización mediante a reconversión do público en privado. Non obstante, a loita non debe ir unicamente encamiñada á recuperación dun soldo, un posto de traballo ou un hospital privatizado. É necesario un novo paradigma no referente á saúde, onde todas as fronteiras de loita se retroalimentar e abran a vía para o desenvolvemento dun sistema de saúde á marxe do modelo hexemónico mercantilista, corporativo e estatal. A saúde pública cooperativista xorde nos fundamentos históricos do movemento popular en defensa da saúde como dereito e

²³ Lembremos a Núñez Feijoo autoprocíandose “o maior defensor da sanidade pública”, afirmación que contrasta con algunhas das actuacións en sanidade do seu goberno como a desactivación de miles de tarxetas sanitarias ou o modelo de financiamento escollido para a construción das grandes infraestruturas sanitarias, sen esquecer o seu apoio explícito a aumentar o copago nos medicamentos e establecer o copago noutras actividades no sistema.

como reflexo dunha organización político-social horizontal e democrática.

A autoxestión ou a democratización da xestión da Sanidade Pública é un desafío e unha aspiración xusta e necesaria no conxunto da sociedade e que require, sen dúbida, accións vinculadas ao desenvolvemento da capacidade de organizarse en centros comunitarios e autoxestionados, seguindo un modelo hipotético de organización do territorio en parroquias civís asemblearias como unidades elementais que conformaría o ámbito comarcal. É a democratización dun servizo público que será realmente público, do pobo e equitativo. A estrutura sanitaria está moi relacionada co modelo económico e a estrutura democrática de cada sociedade. A autoxestión non quere dicir autocuración, refírese á xestión democrática dos recursos dispoñibles, prestacións e financiamento. Non existirá ningún cambio na Sanidade Pública se non hai unha democratización da política e un novo modelo económico que non estea baseado no lucro e a competencia, senón en ben común e a cooperación.

Unha nova saúde: pública e cooperativa

Cando falamos de sanidade pública, queremos dicir "do pobo". Actualmente o pobo non ten capacidade de decisión sobre ela (soberanía sanitaria). Está en mans dos políticos e altos funcionarios que non buscan o ben común senón o lucro particular.

O primeiro, entón, é conseguir que sexa democrática. Faise necesario poñer en marcha consellos de saúde a nivel autonómico e municipal, compostos por representantes da administración, dos profesionais da saúde e de diversos sectores sociais co obxectivo de información e asesoramento relacionado con diversos aspectos da política sanitaria: contratacións, investimentos, organización, servizos (medicina alternativas, naturais, etc...).

O segundo é o financiamento, nun modelo monetario do ben común decidiríase a nivel nacional as bases de financiamento ás que se podería engadir outras iniciativas locais, tanto de aforro coma de financiamento.

A terceira é o abandono dun modelo de máxima medicación e tecnificación da saúde, o 70% das enfermidades son froito do estilo de vida. O aproveitamento da medicina natural e da autoxestión da saúde (alimentación sa, vida sa, menos contaminación...) evitarían moitos custos e melloraría a calidade de vida. A mellor forma é a prevención, pero a prevención da exposición aos riscos do estilo de vida inadecuados.

Este modelo baséase na construción e na acción participativa como parte do desenvolvemento humano en todas as súas dimensións e como proceso colectivo no seu conxunto. Significa facer un investimento social nas capacidades humanas, principalmente en educación e en saúde, co obxectivo de que as persoas poidan traballar de forma sinérxica e creativa para xerar unha sociedade libre.

Debemos dar resposta ás frustracións de pacientes e clientes do modelo estatal-mercantilista, deshumanizante dende a orixe. A conversión do paciente-objeto (onde unicamente importa a enfermidade) en persoa-suxeito (onde a persoa é o principal), significa dar un salto cualitativo na saúde como dereito. Esta humanización, significa xerar vínculos afectivos entre as persoas e que estas poidan así aumentar a súa satisfacción e calidade de vida, na busca activa dunha relación de afectividade e unha boa atención sanitaria cunha visión holística e autoxestionada da saúde.

Posto que os recursos necesarios do mercado e do Estado son limitados, débese estudar modelos complementarios de autoxestión e financiamento público de carácter cooperativo en centros saúde tal como hoxe existen complementos de financiamento e xestión privadas en formato fundacións sanitarias.

3.3. ENSINO PÚBLICO E PARA TOD@S

Consideramos a educación, en especial a educación pública como pilar básico da construción dunha sociedade máis xusta e na que as oportunidades sexan equitativas independentemente das circunstancias sociais ou doutra índole que afecten ás persoas. Pola súa definición de público é garante da cohesión social, procurando a compensación de desigualdades de orixe social e/ou cultural. Apostamos por unha educación de calidade, asentada en valores democráticos e polo tanto plural, inserida na cultura e lingua de noso e atenta a unha sociedade cambiante.

Actualmente, atopámonos cun modelo educativo que padece do chamado “fracaso escolar” ante o cal só se propoñen fórmulas de “excelencia”, de carácter segregador e inspiradas nunha sorte de darwinismo social. Por outra banda, concíbese á escola coma unha especie de caixa negra que, tras pasar por ela, os nenos transfórmanse en persoas educadas e se culpabiliza ás institucións educativas da non obtención desta categoría. Defendemos unha educación de calidade que pretenda a excelencia para o conxunto das persoas en formación e nos que muden os procesos de participación que activen as posibilidades da comunidade educativa.

Rexeitamos rotundamente a minorización de recursos materiais e persoais, en especial no terreo psicopedagóxico. Temos a necesidade da incorporación de outros perfís profesionais nos centros de ensino que permitan tratar adecuadamente a atención á diversidade. A formación das persoas non só ten que incluír un currículo académico, senón que debe recrear os valores respectuosos cos dereitos individuais e sociais xunto co fomento de habilidades que melloren o benestar das persoas, moito do fracaso escolar é consecuencia da falta de habilidades sociais que dificulta a aprendizaxe, pero o sistema actual non permite a atención de forma individualizada necesario para traballalas.

Loamos as disposición e as iniciativas que durante estes o profesora leva poñendo en marcha e permitindo unha mellora significativa en moitos eidos diferentes. Estas iniciativas deben ser investigadas, tanto de xeito cualitativo como cuantitativo, que permitirá o difícil reto que atinxe á construción e transmisión do coñecemento. Entendemos que se deben promover melloras na formación do profesorado, conciliando as súas lexítimas demandas coas necesidades dun sistema educativo ao servizo da sociedade.

Tamén queremos unha educación pública e laica, na que as relixións só deben aparecer como coñecemento das diferentes culturas e crenzas que existen na sociedade. A elección de crenzas relixiosas corresponde ao individuo e non deben formar parte da formación que aporte o sistema público de servizos.

3.4. BENESTAR SOCIAL

No marco do proceso de elaboración de propostas para o benestar social presentamos un guiión global de liñas xerais e dúas áreas con liñas ampliadas como avance do que sería o desenvolvemento completo deste sub-bloque.

Partimos dunha concepción do Benestar Social que constitúe o 4º alicerce das políticas sociais xunto coa Educación, Saúde, e Vivenda, Emprego e Seguridade Social; que ten unha mirada holística, na que as persoas son o valor central da sociedade, e se traballa dende a globalidade, do individual ao colectivo, e viceversa e dende as causas e consecuencias que o modelo económico no que vivimos e recreamos fai que pasemos pola vida con felicidade ou sufrimento.

A concepción biopsicosocial na que se incardina o Benestar Social, tamén se reflicte nos nove principios, xa clásicos pero pouco practicados, nos que as políticas sociais se teñen baseado:

- Universalidade.
- Responsabilidade pública.
- Descentralización territorial.
- Planificación.
- Coordinación.
- Normalización.
- Integración.
- Participación.
- Prevención.

Nesta visión do Benestar Social hai tres grupos de actores sen os que non poden ser redeseñadas a políticas sociais:

- Administracións públicas (europea, estatal, autonómica ou nacional, local, organismos autónomos)
- Cidadanía organizada en colectivos (15 M, veciños, familiares e afectados por todo tipo de problemáticas, sindicatos, homes, mulleres,)
- Tecido empresarial e sectores produtivos, entre os que se atopa o chamado Terceiro Sector sen ánimo de lucro.

O Benestar Social ten un papel que xogar en todo o proceso dende a promoción da creación, o deseño, execución e avaliación do que en definitiva debería constituír o proceso de creación dunha sociedade forte e cohesionada, con poder de decisión individual e colectiva.

Dous son os retos dun novo modelo de políticas sociais e mais especificamente dos Servizos sociais actuais:

O principal a construción dunha rede que conecte de forma eficaz e eficiente todas as sub-redes existentes na intervención social.

Para poder deseñar e executar isto ten que afrontarse unha total reorganización dos chamados pola última lei de servizos sociais servizos sociais comunitarios, que os libere da burocracia na que están inmersos e lles permita realizar a tarefa para a que foron deseñados xa no seu inicio e na recente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de

servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións” que permitan acadar obxectivos como facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e, en xeral, ademais, previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección dos máis vulnerables.

Para conseguir materializar estas grandes liñas de deseño político e técnico son precisas alianzas fora da comunidade autónoma nas que incidir para que a nivel europeo e estatal se volvan a ter presentes as liñas globais de Benestar Social.

Cómpre promover a creación dun marco xurídico común no que se garantan dereitos básicos ao igual que a educación ou a sanidade, e se encadren na globalidade prestacións como a dependencia que veu a legislar a nivel estatal unha parte destes dereitos globais.

Os dereitos e deberes dunha sociedade de benestar social pasan por unha lexislación respectuosa co marco autonómico pero que definan dereitos globais xa recoñecidos no obsoleto “Plan Concertado” deseñado en 1987, que recoñece acertadamente liñas xerais e actuacións básicas pero que deixa en mans da negociación anual dos orzamentos estatais o mantemento do sistema público de servizos sociais co cal está sendo sinxelo xa non recortar, se non suprimir prestacións antes consideradas básicas como a axuda no fogar; e mantén na incerteza ano tras ano o financiamento municipal, o cal impide realizar unha planificación estratéxica, avaliar e incidir dende a praxe nas políticas sociais xeral constituíndo per se, os servizos sociais como unha lacra do sistema en vez dun elemento vertebrador de calidade de vida e xerador de riqueza económica e humana.

Non queremos esquecer a necesidade de coidar e motivar os profesionais e persoal interesado e con coñecementos de política social, para o cal se fai indispensable establecer mecanismos de facilitación e supervisión participativa na que o o colectivo da intervención social poida revertir o seu saber e multiplicar as boas prácticas.

Áreas do modelo de Benestar Social

1- Acceso ao emprego (conectado coa política de emprego)

Todas as persoas deberían poder acadar un traballo digno que faga posíbel o seu desenvolvemento integral. É un exercicio de responsabilidade e xustiza social que con leva:

- Á necesidade de conectar o benestar social coas políticas de emprego en xeral, con cláusulas sociais para empresas e administracións na que ademais dos valores da sustentabilidade económica e ambiental se teñan presente a sustentabilidade persoal e social.

- Contemplan integralmente ás persoas sen distinción do sexo, evitando excluír ás mulleres consciente ou inconscientemente, exclusión que anula o potencial de máis da metade da poboación.

- Conseguir unha rendibilidade e eficacia maior na xestión dos recursos humanos porque se aproveita o potencial das persoas, o cal fomenta cambios nas estruturas, propón novas fórmulas de organización e, en definitiva, acádase un valor humano

engadido.

2- Acceso á vivenda.

A regulación do dereito a unha vivenda digna, debe reverter nunhas políticas de mantemento da vivenda tanto en réxime de compra como de aluguer, con programas que favorezan a ocupación de vivendas baleiras e un uso racional do chan, conectado coas políticas de sustentabilidade.

3- Políticas con e para a mocidade. (desenvolto en aproximación á 3 áreas de traballo)

4- Igualdade de xénero (desenvolto en aproximación á 3 áreas de traballo)

5- Vida digna ou calidade de vida.

No marco das políticas públicas hai que ter en conta a organización da sociedade en xeral e incidir tanto en áreas normalizadas traballando dende os deberes, como en áreas desfavorecidas traballando dende os dereitos, e incidindo na igualdade dende o punto de partida e no valor das persoas como motores de creación de benestar social, (individual e colectivo).

A dignidade da vida é susceptíbel de ser abordada dende os valores, dende a acción colectiva, dende a práctica institucional e dende as políticas públicas descritas anteriormente.

Superar a pirámide de necesidades de Maslow, na que se van xerando unhas ao ter satisfeitas outras, para pasar a unha visión holística das persoas e da sociedade onde a necesidade de alimentación e o prestixio social poden estar presentes nun mesmo momento.

Partindo das actuacións, xa existentes na teoría dos servizos sociais, en Información e orientación, apoio ás unidades de convivencia e axuda no fogar, aloxamento alternativo, prevención e inserción social e fomento da solidariedade, Ecogaleguistas aposta pola reconversión dos actuais servizos sociais de xeito que se creen ou recreen servizos nos que se poda realizar unha actividade de día polivalente na que se superen os actuais departamentos estancos de maiores, menores, toxicómanos, excluídos, mulleres... etc., nos que a garantía de ingresos mínimos e o dereito á afectividade e sexualidade impregnen unha atención de calidade.

Partimos pois dun Servizos Sociais Comunitarios fortes incardinados no tecido social que actúen nos diferentes barrios e localidades ofrecendo os servizos participados polas persoas afectadas, en función das súas necesidades específicas e coas achegas dunha comunidade que é consciente de que ao longo da vida é moi probábel que pase por situacións de desprotección social e de necesidade de apoio persoal que non será cuberto pola súa rede natural.

Esta visión holística non fai que queden no esquecemento os necesarios servizos específicos e especializados conectados nas rede eficaces e eficientes que se nomeaban no encadre inicial, polo tanto nomeamos aquí os que consideramos estratéxicos:

1. A revalorización do papel económico e social das persoas maiores.
2. Unidades de convivencia. (novas familias, menores...).

3. A integración das persoas con discapacidade ou diversidade funcional, incluídas as dependentes.

4. A integración das persoas migrantes e minorías e étnicas.

5. A loita contra a pobreza e pola inclusión social. (desenvolto en aproximación á 3 áreas de traballo)

6. Colectivos afectados por problemáticas específicas como poden ser as adiccións, falla de vivenda, delincuencia, desemprego de longa duración, abandono do sistema formativo, problemas de saúde, etc. e outras que xa están presentes nos outros sistemas da política social.

Aproximación a tres áreas de intervención

- Mocidade
- Igualdade de xénero
- Inclusión social

- Traballando, dende, para, e coa mocidade.

A conexión transversal do apoio á mocidade ten que darse en tódalas políticas de ecogaleguistas, dende a formación e a participación, considerando esta última como fundamental, no adestramento da creación dunha sociedade onde a mocidade é a base de futuro.

Esta transversalidade pasa por ter presente a mocidade, con voz propia, nos deseños das políticas xerais e especialmente nas de ocio, formación, emprego, e benestar social.

Nunha liña de traballo que pretende garantir unha posición activa da xuventude, e seguindo as directrices da Unión Europea en materia de mocidade, hai que poñer a disposición da xente nova os recursos e as oportunidades suficientes para acadar a súa autonomía, facendo especial fincapé na mocidade que goza de menos oportunidades.

Baseámonos na dobre formulación de inversión e capacitación da xente nova, traballando pola coordinación de recursos dende as diferentes administracións, xa que a mocidade necesita da coordinación de políticas e servizos, para así acadar a súa atención integral en materia de emprego, formación, educación, saúde, vivenda, cultura, lecer e tempo libre.

Por todo isto as accións destinadas á mocidade han de ir vehiculizadas a través de plans integrais de mocidade, que aglutinen as políticas, servizos e recursos, dando unha resposta integral ás súas necesidades.

Información e igualdade de oportunidades

Obxectivo:

- Facilitar o acceso en igualdade de oportunidades a todos os recursos e programas dirixidos á mocidade.
- Facilitar o acceso á información igualitaria a toda a poboación nova.

Emprego e formación

Obxectivo:

- Promover unha mocidade autónoma e independente que acceda ao mercado laboral nas mellores condicións posibles.

Participación activa

Obxectivo:

- Promover e facilitar unha participación activa da xente nova nas políticas de xuventude e da sociedade en xeral, aloxándonos das actitudes paternalistas clásicas.

Igualdade entre mozos e mozas

Obxectivo:

- Promover a igualdade de xénero entre mozos e mozas de maneira transversal dende todas as políticas, programas e actividades de Xuventude.

Lecer, cultura e tempo libre.

Obxectivo:

- Promoción dun lecer activo, saudábel e divertido estábel para poboación nova.
- Apoiar e incentivar a capacidade creativa, artística e organizativa da xente nova.

A igualdade de xénero como motor de benestar

A non discriminación por razón de xénero e todo o que iso leva consigo nas políticas dos últimos anos ha de levarnos a avanzar a reclamar os dereitos dos homes á paternidade, á vida doméstica etc.

En definitiva a avanzar nun modelo de sociedade na que o masculino e o feminino estean impregnados do igualitarismo de xénero, que ecogaleguistas desenvolverá en función das inquiredanzas dos grupo masculino, transexual e homosexual e a súa conexión cos movementos cidadás existentes na sociedade galega.

Entre as cuestións pendentes ás que nos debemos encarar están a prostitución feminina e masculina e as dependencias afectivas.

Así a prostitución, as condicións irregulares de traballo externo, a violencia de xénero, o reparto desigual do traballo dentro do fogar, os atrancos invisibles de promoción laboral, etc... poden considerarse como fenómenos da parte da esfera privada, entendida esta como pertencente só ás mulleres e de forma reiterada, invisibilizada e ignorada.

Para que as políticas e programas dirixidos á inserción sociolaboral e a prevención da exclusión das mulleres sexan eficaces, teñen que considerar no seu deseño, desenvolvemento e avaliación as diferentes situacións, condicións e necesidades das mulleres.

Estas medidas deberán ir acompañadas de actuacións dirixidas a superar a tradicional división de roles derivada do sistema social de xénero e a promover a autonomía e independencia das mulleres nos diferentes ámbitos da vida, para previr

situacións de exclusión específicas derivadas da súa dependencia.

Xunto coa educación dos recursos sociais, outro aspecto fundamental na inserción sociolaboral das mulleres excluídas é favorecer o empoderamento destas, concepto que fai referencia ao fortalecemento da posición social, económica e política.

Para a promoción das mulleres no mundo laboral externo e para a consecución de cotas de inclusión superiores ás actuais, se deben poñer en marcha plans e políticas de emprego con perspectiva de xénero.

Os proxectos que teñan a finalidade de promover a inserción sociolaboral das mulleres deben abordar polo menos dous dos dereitos fundamentais recoñecidos en múltiples lexislacións nacionais e internacionais: o dereito ao traballo e a Igualdade de Oportunidades. A economía social é unha maneira de democratizar a sociedade e de aumentar a participación das persoas nos procesos de decisión a nivel local.

A ruptura da división de sexos no mercado laboral, aumentando o valor do traballo das mulleres é outro elemento clave na loita pola igualdade, ninguén dubida á hora de afirmar que o traballo se constitúe como medio de sustento á vez que como base da identidade persoal e vía de participación política e social. É un instrumento básico co que unha muller consolida un proceso de inserción en resposta a unha situación de exclusión.

Aspectos específicos:

- Potenciar a presenza de mulleres en sectores e ocupacións tradicionalmente masculinas.
- Aumentar o número de mulleres empregadas e diminuír así a taxa de desemprego.
- Ofrecer ferramentas de aprendizaxe sobre o mercado laboral e determinadas ocupacións ás mulleres en risco ou en situación de exclusión social.
- Mellorar as habilidades sociais e de comunicación das mulleres para así mellorar a empregabilidade e a ocupación da esfera pública, das mesmas.
- Ofrecer unha canle normalizada de inserción no mundo do traballo externo.
- Garantir un ingresos mínimos ás mulleres que participan en accións orientadas á inserción social e laboral
- Fomentar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral mediante medidas específicas dentro das empresas.
- Sensibilizar ao empresariado e a sociedade en xeral sobre a capacitación e inserción laboral feminina en tódolos sectores e ocupacións laborais.

A exclusión social das mulleres produce a non participación das mesmas no ámbito público, no ámbito das decisións políticas, económicas e de toda índole. Cando as mulleres acceden ao mundo público comeza a loita polo poder, ou mellor dito, comezan a facerse dignas de loita, a romper coas estruturas establecidas e cos privilexios da parte dominante (os homes).

O mercado laboral externo é unha boa porta de entrada de facer a esa loita.

O obxectivo é conseguir o empoderamento, facer conscientes as barreiras de crecemento impostas polo patriarcado, defender a democratización dos sexos e visibilizar os valores e características femininas.

As empresas deben buscar cada vez máis ambientes flexibles e participativos de

traballo, e comezar a demandar valores aportados polas mulleres (liderado interactivo, integración do factor humano, etc).

A análise feminista impulsou que se valorizasen algúns traballos de reprodución no ámbito público: de xestión, de relación social, de coidado polas demais persoas, de coidado polo medioambiente (ética do coidado).

A loita contra a pobreza e pola inclusión social

A loita contra a exclusión social ten que ser clave nunha política social que pretenda acadar o estado de benestar social.

A exclusión social é un concepto que engloba a pobreza pero máis alá, a exclusión social se define pola imposibilidade ou dificultade intensa de acceder aos mercados de desenvolvemento persoal e inserción sociocomunitaria e aos sistemas preestablecidos de protección.

Existen unha serie de compoñentes clave que conflúen no concepto:

A exclusión como fenómeno estrutural: implica fracturas no tecido social, a ruptura de certas coordenadas básicas de integración.

A exclusión como fenómeno dinámico: é un proceso ou un conxunto de procesos que afectan de forma cambiante a persoas e colectivos e que poden trasladar de zonas de vulnerabilidade a zonas de exclusión, en momentos moi diversos do ciclo da vida. As fronteiras da exclusión son móbiles e fluídas.

A exclusión como fenómeno multifactorial e multidimensional: A exclusión presenta un carácter complexo, formado por múltiples vertentes. Isto fai que sexa imposible o seu tratamento de forma unidimensional e sectorial.

A exclusión como fenómeno politizábel: é susceptible de ser abordada dende os valores, dende a acción colectiva, dende a práctica institucional e dende as políticas públicas.

Sobre todo é facilmente perceptíbel o emprego como vehículo de integración social, e o desemprego de longa duración como fenómeno de exclusión. Todo isto relacionado coas posibilidades de adaptación aos cambios que proporciona unha boa formación xeral, e unha boa saúde.

Os procesos de exclusión social, na súa maior parte están en relación ao mercado laboral e a posibilidade de acceder e permanecer nel de forma normalizada.

O feito de que, como consecuencia da tradicional división do traballo en función do xénero, a participación das mulleres no mercado laboral sexa menor, en peores condicións que os homes (segregación laboral, precariedade salarial, "feito de cristal", etc), coloca ás mulleres nunha situación de debilidade social respecto á independencia socioeconómica e acceso ás prestacións sociais, e por conseguinte, en situación de maior risco de exclusión social.

Xunto co desemprego e os baixos salarios, existen tamén outras circunstancias que poden orixinar procesos de exclusión:

- Pertenza a minorías étnicas.
- Enfermidades psíquicas e físicas.
- Discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

- Adiccións. Toxicomanías, ludopatías, adiccións afectivas...
- Períodos de encarceramento.
- Outras problemáticas.

Estas circunstancias producen efectos máis excluíntes no caso das mulleres, debido ao sistema desigual e discriminatorio no que vivimos.

En todo caso a loita contra a pobreza e a exclusión social ha de enmarcaranse no planeamento estratéxico dos servizos sociais en xeral con programas específicos para esta lacra social froito dun sistema económico xerador de exclusión e pobreza.

3.5. LINGUA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O proceso histórico de marxinação e substitución da lingua galega é inseparable do conxunto de problemas económicos, políticos, sociais, culturais e incluso medioambientais que afectan ao noso país. Así, a subordinación do idioma propio do noso país está estreitamente vencellada á dependencia de Galicia en todos os ordes (político, social, cultural, etc.), unha dependencia que condenou ao pobo galego a unhas condicións de vida especialmente duras, coas coñecidas consecuencias tanto socioeconómicas (por exemplo, emigración masiva) como políticas (pasividade, caciquismo e clientelismo) ou culturais e psicosociais (retraemento, complexo de inferioridade, nihilismo pragmático). Así, a minorización da lingua veu acompañada do desprezo pola cultura galega e o correspondente enfraquecemento da nosa identidade colectiva, coa consecuente escisión social entre un pobo común reducido á resignación e a impotencia e unhas elites dirixentes asimiladas e miméticas, incapaces de defender os intereses de Galicia. Esta escisión, entre outras cousas, ten como consecuencias o desapego de amplos sectores da cidadanía polos intereses e as tarefas colectivas; isto é, un déficit de consciencia cívica.

Doutra banda, como numerosos estudos en distintos lugares do planeta teñen posto de relevo, a deturpación do territorio e do medio ambiente e a erradicación de linguas e culturas autóctonas adoitan ir da man, no marco de procesos de sometemento dos pobos a lóxicas de colonización, explotación e incluso aniquilación. No conxunto do planeta é constatábel unha constante e cada vez máis acelerada perda de diversidade lingüística e cultural, con efectos incalculables para o patrimonio da nosa especie. É no marco de defensa da diversidade lingüística e cultural en todo o planeta como un ben común do conxunto da humanidade, non exclusivo das propias comunidades ameazadas, no que cobra pleno sentido a reivindicación da lingua galega.

Polas razóns devanditas, é inconcebíbel un proxecto de normalización da lingua galega que non se acompañe do impulso da cultura e da identidade nacionais, do empoderamento do pobo galego, da reapropiación dos nosos recursos e dunha nova relación da nosa sociedade co territorio, a paisaxe e o medioambiente. Polo mesmo, as políticas de normalización da lingua galega deben ter carácter necesariamente transversal. É preciso aplicar un enfoque ecolóxico, que ligue a promoción do coñecemento, uso e valoración do galego coa mellora das condicións de vida, sociais e culturais dos seus e as súas falantes e do conxunto da cidadanía.

A políticas de normalización da lingua deben apoiarse en tres esteos: a acción institucional, o compromiso das empresas e os/as profesionais, e a iniciativa cidadá. Así mesmo, debe incidir en catro ámbitos principais: as administracións e os servizos públicos, o ensino e a produción cultural (incluíndo o lecer e o tempo libre), os medios de

comunicación (especialmente os baseados nas novas tecnoloxías), e a valoración da competencia e uso do galego no mercado de traballo. Doutra banda, cómpre promover as cooperación horizontais e o labor en rede, tanto das asociacións cívicas coma dos distintos organismos e institucións implicados na normalización lingüística.

As políticas de promoción do galego deben dirixirse de xeito prioritario á mocidade, pero deben vehiculizarse non soamente a través do sistema educativo, senón que tamén deben incidir no ámbito do lecer, con particular atención para as actividades de tempo libre, procurando asocialas á mellora dos hábitos de formación e disfrute cultural e de diversión da xente nova (fomento da lectura, do asociacionismo xuvenil, participación activa no canto de consumismo pasivo...).

En ningún caso a promoción do galego debe presentarse como incompatíbel co castelán, que é o idioma de instalación dunha parte importante da poboación galega. No marco cunha crecente valorización do políglotismo, a apertura ao mundo e a interculturalidade, hai que reivindicar o valor dun bilingüismo equitativo entre o galego e o castelán e o enorme potencial que supón a afinidade do noso idioma co portugués, afinidade que debe ser reforzada na procura do recoñecemento do galego no amplo ámbito lusófono.

3.6. CULTURA

A. LIBROS E LECTURA

- Realizar campañas de promoción da literatura, galega ou non galega. Tentar espertar na xente un gusto e uns hábitos pola lectura.
- Fomentar a aparición de premios de narrativa, teatro, poesía, ensaio, banda deseñada e demais xéneros posibles como impulsores dos escritores galegos.
- Propiciar a aparición de revistas e libros especializados para aumentar a oferta cultural.

B. BIBLIOTECAS E ARQUIVOS

- Aumentar as axudas ás bibliotecas públicas e “premiar” as que se esforcen por realizar actividades dinamizadoras da cultura.
- Incrementar os usos que as bibliotecas poidan ter ademais de lugares de lectura e de estudo, como por exemplo: talleres, cursos, charlas, conferencias, etc.
- Axudar á investigación e conservación dos moitos arquivos que existen en Galicia e que, ou ben non se descubriron, ou ben están abandonados e sen investigación.

C. MUSEOS, FUNDACIÓNS E PATRIMONIO

- Aumentar as axudas a museos e fundacións como medio para a difusión cultural.
- Mellorar as prestacións dos museos e buscar complementar as súas actividades con outras relacionadas que poidan atraer máis público.
- Achegar os museos á xente, en especial aos nenos, mediante xornadas de portas abertas, xornadas en familia, visitas nocturnas, descontos, visitas escolares, etc.
- Fomentar o traballo das fundacións que traballen a prol da cultura e apoiar a aparición de outras novas en sectores con menos ámbito de acción.
- Identificar e catalogar todo o patrimonio existente en Galicia para garantir a súa investigación e conservación, ademais de servir como motor cultural e turístico.

D. BELAS ARTES, ARTES ESCÉNICAS E MÚSICA

- Fomentar a cultura de base a través das agrupacións teatrais; coros, orquestras, bandas e escolas de música; colectivos de danza, clubs de lectura, etc.
- Achegar a danza, o teatro, a música clásica, ópera e demais á poboación e sobre todo aos nenos, a través de concertos en familia, descontos, festivais de música, teatro, danza, etc.
- Creación de premios e concursos a persoas e colectivos innovadores, con talento, que realicen un traballo de difusión cultural, etc.
- Incentivar os intercambios e a cooperación cultural con outras rexións e con outros países. Promocionar a cultura galega dentro e fora de Galicia.

E. INDUSTRIA CULTURAL

- Derogar a lei Sinde-Wert que limita o acceso á cultura.
- Loitar contra a piratería por outros medios, como por exemplo, rebaixar o prezo dos bens culturais (un libro chega a custar o dobre do seu prezo en España que en outros países de Europa).
- Garantir a expansión e consolidación das industrias culturais, que se ven atacadas continuamente e ven reducidas as súas axudas en situacións como a actual crise económica.
- Apoiar as industrias culturais como focos de creación e xeración de emprego e cultura.

4. DEREITOS E OBRIGAS

4.1. UNHA ECONOMÍA SOCIAL PARA A XUSTIZA SOCIAL

A. CAPACIDADE DE DECISIÓN E DEMOCRACIA NA ECONOMÍA

Nos últimos anos temos pasado dun modelo produtivo a un modelo financeiro, as fortunas xa non se constrúen en base a transformación de materias primas e produtos elaborados ou en prestación de servizos senón en base a intercambios bursatis de carácter financeiro especulativo. Hoxe a economía real representa un 5% da economía global. Ademais asistimos a unha crise sistémica económica, enerxética, ecolóxica, alimentaria,....

No caso de Galicia á xa tradicional estrutura económica periférica e sen capacidade de decisión engádese agora unha perda de resortes de soberanía e de baleirado da democracia.

Faise necesario recuperar a soberanía política perdida por parte do estado e a recuperación das decisións democráticas sobre as políticas económicas.

1. Democracia económica. Dotar aos CSE de capacidade executiva, impulso aos ornamentos participativos a diferentes niveis, utilización de referendos para toma de decisión económicas decisivas.
2. Políticas monetarias e fiscais resgardadas dos especuladores. Isto so é posíbel cun avance na construción política e social da Unión Europea ou sobre a recuperación da soberanía estatal sobre as decisións de políticas fiscais e monetarias,
3. Reordenación do sistema financeiro para ter un forte sector público que permita atender as necesidades crediticias dos sectores estratéxicos da nosa economía. Existencia dunha banca pública. Mantemento do carácter público e social da caixa de aforro recuperando o control político da Xunta sobre o proceso de NGB e apoiando a Caixa Rural. Aposta pola banca ética e por proxectos financeiros cooperativos.
4. Aumento do financiamento autonómico e homologación do modelo recadatorio co modelo vasco ou navarro.
5. Impulsar un sistema fiscal progresivo, que grave prioritariamente as plusvalías e a renda, diminuíndo os impostos directos sobre o consumo.
6. Priorizar o combate á corrupción económica e á evasión fiscal, causas últimas tanto do déficit público como da exclusión de amplos sectores da poboación dos sistemas de protección social.
7. Implantar unha taxa impositiva sobre as operacións financeiras, cuxo importe se destine integramente ao financiamento dos pilares do Estado do Benestar (Seguridade Social, sanidade pública, educación pública e atención á dependencia) e á cooperación ao desenvolvemento.
8. Eliminar a bonificación fiscal ás SICAVs.

9. Aprobar unha nova Lei Hipotecaria que regule as relacións dos particulares co sistema financeiro e protexa os dereitos dos cidadáns, incluíndo a dación en pago.

B. DEREITOS ECONÓMICOS E LABORAIS

As garantías democráticas e a transparencia deben ser elementos definidores non só do funcionamento institucional, senón tamén aplicables ás relacións económicas. Sen a satisfacción en condicións dignas das necesidades materiais esenciais, non hai posibilidade de exercer a liberdade; e sen liberdade, non hai democracia. Por iso, demandamos as seguintes medidas de cara a promover a universalización das condicións de cidadanía efectiva que posibiliten a participación democrática:

1. Implantación do modelo de Renda Básica.
2. Reparto do traballo. Xornada laboral de 35 horas, supresión de horas extraordinarias, reordenación de xornadas e quendas, quinta semana de vacacións, adiamento progresivo da idade de xubilación.
3. Combater a precariedade laboral, moi especialmente nos colectivos da xente nova e as mulleres, establecendo como criterio prioritario na contratación pública e na concesión de subvencións a política laboral da empresa en cuestión.
4. Restringir os contratos e subvencións a aquelas empresas que estean adheridas ao pertinente convenio laboral colectivo ou posúan convenio propio.
5. Ampliar os dereitos dos consumidores e usuarios, mediante unha nova lei que reúna a lexislación hoxe dispersa e instaure novos mecanismos de garantía dos dereitos individuais fronte ás grandes corporacións prestadoras de servizos.

C. DEMOCRACIA ECONÓMICA, PRODUTIVA E MEDIOAMBIENTAL

Na concepción da radicalidade democrática, a cidadanía é soberana e coopera en tódolos ámbitos de decisións. Decisións produtivas e eco sociais polo traballo humano.

Nunha democracia económica ten que haber una democracia produtiva con senso medioambiental. Sendo por isto que no mundo da empresa non habería de ser unha excepción. As súas estruturas deben ser democratizadas, non so na orde da organización técnica do traballo, ten que ser a vez na súa xestión e decisión.

Na empresa dáse a expresión das relacións sociais e colectivas, sendo polo mesmo que estas relacións están ligadas as estruturas de decisión e xestión. E dicir que o ser humano nos relacionamos cos obxectos (bens materiais) e cós restantes suxeitos na organización social do traballo. Por iso democratizando a organización do traballo e da produción nos espazos laborais concretos teremos decisións produtivas nas empresas cunha visión humanista e de sustentabilidade.

O traballador non é un recurso humano, é unha forza social co seu vínculo social entre os axentes sociais.

Faise necesario ampliar o seu poder de decisión a materias que historicamente foron relegadas á dirección como consecuencia do recoñecemento legal e ideolóxico, nas

relacións industriais capitalistas.

O cidadán-traballador debe exercer o poder nas decisións empresariais de xeito que se produza unha cooperación equitativa da autoridade e do poder no espazo do traballo na relación futura da empresa e sobre o contexto económico, cultural e medioambiental.

4.2. DEREITOS E OBRIGAS DA CIDADANIA

Dende Ecogaleguistas consideramos que os partidos clásicos veñen a ofrecérense como alternativas aos esforzos individuais e colectivos nas solucións aos problemas sociais e económicos. Exceptuando a exhortación a aumentar o consumo ao principio da crise, os partidos políticos non contan coa cidadanía como responsábel do devir da propia sociedade. Esta marxinação na responsabilidade, que algunhas persoas acaban asumindo como normalidade, é o que transforma en súbditos a quen debera ter o estatus de cidadá e cidadán.

Por esta razón, consideramos que toda persoa ten dereito a vivir libremente e á igualdade de oportunidades, independentemente do sexo, idade, raza e relixión. Isto implica a obriga, non só de non discriminar, senón de romper con aquelas actitudes que lastran este dereito. As mulleres teñen que ser conscientes do seu teito de cristal, e romper con el, atreverse a falar e a reivindicarse. Os homes deben fomentar as masculinidades fronte ao machismo, e a entender cómo chegar a esa igualdade dende a súa identidade.

Temos dereito a unha terra verde, da que poidamos desfrutar nós e as xeracións vindeiras. Isto conleva a obriga do coidado da mesma, dende a responsabilidade na redución e na reutilización, sendo o último recurso a reciclaxe, pasando pola consciencia do noso modelo de consumo ou dos resultados de gardar os nosos cartos no banco.

Temos dereito a un idioma capaz de transportar no seu interior a nosa esencia e o noso patrimonio común. Conleva isto a obriga de coñecelo e a idoneidade de usalo e reivindicalo naqueles ámbitos nos que haxa unha marxinação do mesmo, sexa esta sutil ou non.

Temos dereito ao público, tanto ás infraestructuras coma aos servizos, dende os parques ata a educación e á sanidade. É necesario comportarse ante estes recursos limitados de xeito cívico e con responsabilidade. Conscientes de que o respecto nestes ámbitos implica un beneficio para o ben común.

A democracia, o poder do pobo esixe participación activa consciente e madura, así e como actitude democrática, ou sexa, o uso de argumentos e a escoita nos debates de ideas. A aceptación da victoria das opcións non desexadas. A esixencia da totalidade da información e alternativas, renunciando a fórmulas simplistas, emocionais e demagóxicas defendidas de forma acrítica.

Por último, temos dereito á participación activa na política do noso país e do mundo. Agora ben, a nosa condición de cidadanía ten que ser unha opción traballada, xa sexa pola militancia activa en política como a través de movementos sociais non relacionados cos partidos, o feito de renunciar á participación política consciente en todos os seus niveis implicará a aceptación de facto da situación de súbditos.

5. GLOBALIZACIÓN E PAZ

5.1. MODELO DOMINANTE E GLOBALIZACION NEOLIBERAL

Tras a 2ª Guerra Mundial impoñese un modelo de desenvolvemento que ten a PIB como principal, cando non como único, indicador. Trátase dun modelo que apostaba por unha liña de progreso para aos países do sur baseada na lóxica industrialización igual a modernización igual a desenvolvemento. Isto, ademais, no marco dun mundo bipolar leste/oeste que vai consolidando un modelo de desenvolvemento nos países do Sur baseado nunha lóxica desenvolvista – **industrialismo** - que obriga a eses países á produción pensada na exportación e non nas necesidades dos seus cidadáns e crea dependencias económicas e financeiras deses países.

Un modelo en todo caso que, se nalgúns casos como os coñecidos coma “os tigres do pacífico” ten dado resultados nos indicadores macroeconómicos, non é menos certo que eses contrastan con indicadores de desenvolvemento humano baixos, con democracias febles ou ditaduras militares, con altos niveis de degradación medioambiental e cultural e con sobreexplotación laboral feminina e infantil.

Coa caída do muro de Berlín o mundo bipolar Este/Oeste deu paso a un novo mundo bipolar Norte/Sur. As contradicións ideolóxicas foron substituíndose por novas formas de desequilibrios económicos, sociais, culturais e medioambientais xa existentes pero nun segundo plano durante as décadas anteriores:

- No plano económico asistimos a extensión dun **modelo desarrollista a todo o planeta nun proceso de recolonización económica das rexións periféricas** baseada en control de mercados, orientándose desde o Norte as producións baseadas en monocultivos para a exportación, desatendendo as necesidades alimentarias da poboación, impoñendo os prezos e poñendo trabas para un desenvolvemento económico e social democraticamente decidido.

- No plano comercial a substitución do GATT pola OMC, tralo fracaso da Ronda de Uruguai (1986-1993), veu a completar a supraestrutura iniciada coa creación do FMI e o Banco Mundial. Ás directrices esixidas polo FMI aos países pobres, veuse a sumar un **modelo comercial internacional con grandes restricións ás materias primas dos países do Sur**, por medio de fortes aranceis, namentres os produtos elaborados polas grandes transnacionais do Norte tiñan todo tipo de facilidades comerciais derivadas dun verdadeiro “liberalismo” negado aos países do Sur.

- No plano social se ten **ensanchado a brecha Norte-Sur e empeorado as condicións de vida das persoas**, impoñendo un desequilibrio humano sen precedentes na historia da humanidade. Tres cuartas partes da mesma teñen como única preocupación a supervivencia, namentres o cuarto restante vive en condicións de benestar e opulencia nunca antes coñecidos. Soamente 1000 millóns de habitantes viven aceptablemente namentres que outros 5.000 millóns – fundamentalmente no Sur sobreviven, á vez que se esta creando un cuarto mundo –excluído- no norte (na UE 80 millóns de pobres sobre 500 millóns de habitantes) e no sur onde un reducido grupo vive nas condicións do norte (Brasil 30 millóns de 170, China 70 millóns de 1200).

- No plano cultural asistimos a un **choque civilizatorio**. Os países do Norte na súa imperiosa necesidade de implantar un novo neocolonialismo cultural teñen abusado de

ideas etnocentristas nas súas diversas variantes, intoxicando ás opinións públicas e utilizando certas manifestacións relixiosas ou filosóficas para situar o debate na necesidade dunha salvación da 'civilización', da democracia ou da cultura por suposto entendida esta desde a nosa escala de valores.

- No plano Medioambiental afrontamos a unha **degradación do hábitat, a escala mundial, sen precedentes**. Estamos diante do que algúns científicos chaman a "sexta extinción", coa diferenza de que non está promovida por un factor externo, coma as anteriores, senón pola actuación dunha das especies, neste caso o ser humano. Diante desta situación de 'infarto ecolóxico' os gobernos son lentos nas súas decisións, cando non contrarios a políticas medioambientais de calado.

A caída do bloque soviético e os avances tecnolóxicos puxeron as condicións para o inicio da globalización. Pero como acertadamente plantexa o sociólogo Gilberto Giménez ao diferenciar entre mundialización e globalización, esta interdependencia non é neutra e non se basea na reciprocidade e o equilibrio: é asimétrica, impulsiva e desigualitaria. A globalización é unha fase nun proceso de integración de mercados e de confluencia de capitais iniciados polo mercantilismo no século XV e posteriormente na fase imperialista do capitalismo ata chegar ao actual sistema mundo.

5.2. COOPERACIÓN E NEOINTERNACIONALISMO

Apostamos por un modelo de cooperación global e co-soberanías integradas en marcos democráticos multilaterais que teñan en conta:

- **Un novo internacionalismo. A solidariedade con outros como factor do cambio propio**. Creemos na interconexión da máxima "pensar globalmente, actuar localmente". Somos solidarios con outros pobos partindo do necesario compromiso diario co noso.

- **Papel da sociedade civil nas mudanzas para unha sociedade máis xusta**. Vivimos cada vez unha maior indefensión política e social. Á pequena marxe dos poderes públicos limitado polo inmenso poder das grandes transnacionais faise aínda menor pola escasa valentía dos gobernantes e da súa anorexia intelectual acrecentada polo asfixiante pensamento único. Xunto con isto, a privatización do que ata hai ben pouco representaban importantes resortes de redistribución da riqueza a nivel rexional e mesmo a nivel internacional deixa os sectores máis desfavorecidos do norte e do sur indefensos fronte os abusos dun poder económico brutal e dun poder político despótico.

- **Visión Globalizadora fronte a unha globalización ás costas das persoas**. Hoxe sabemos que tralos grandes desastres ecolóxicos existen problemas de desigualdades fondas e de aproveitamento inxusto do planeta. Pero máis alá, sabemos que o planeta ten uns recursos limitados que impoñen un novo modelo de desenvolvemento que permita un reparto xusto dos recursos sen comprometer o futuro das vindeiras xeracións.

Apostamos por un modelo de desenvolvemento universalizábel, e por tanto promovemos un cambio de actitude no xeito de producir e consumir no Norte que permita o desenvolvemento do Sur.

- **Politizar o cotiá**. Os cambios necesario para outro mundo posíbel esixido polos movementos sociais desde Porto Alegre pasa por alternativas políticas pero tamén por

alternativas de vida. A nosa incidencia sobre gobernos esta relativizada polos tempos electorais como cidadáns pero é diaria cando a exercemos como consumidores.

Se trata de avanzar nun novo modelo de Consumo Consciente que pivote sobre tres elementos relacionados dialecticamente, polo tanto interrelacionados:

- Novas pautas de consumo: pequeno comercio local, produción ecolóxica, banca ética, 3Rs,.
- Presión Política: campañas de denuncia e de sensibilización fronte a multinacionais e gobernos
- Construcción de Alternativas: Comercio Xusto, Cooperativas de Consumidores, Cooperativas de aforro, ...

5.3. MULTILATERALISMO E PAZ

Os atentados do 11-S teñen vido a acelerar un movemento de recorte de liberdades no interior dos estados e o espírito de “guerra fría” iniciada na década dos 90 coa guerra do golfo.

Tralos atentados os gobernos occidentais non teñen reflexionado sobre “o porque nos odian” desde os pobos do Sur, senón se preocuparon da busca do inimigo exterior. Reacción dun modelo “adicto ao conflito” tanto para sobrevivir economicamente (complexo económico-militar) como ideoloxicamente (supremacía cultural).

Non é certo as afirmacións que din que tralo 11-S nada ten cambiado e que a democracia ten triunfado. Lonxe de eso as liberdades teñen sido o primeiro castigado polos acontecementos.

Pero o importante é que o caldo de cultivo existente (pobreza, prepotencia, colonización cultural, impotencia, ...) vense a sumar un **comercio internacional de armas fora de control. As armas están chegando a mans de gobernos represivos, de responsables de violacións de dereitos humanos e de criminais de estado ou de grupo terroristas.**

Son os gobernos máis poderosos do mundo os que están alimentando esta crises, ao ser os principais provedores de armas do planeta. Os cinco membros permanentes do Consello de Seguridade da ONU -China, Francia, Gran Bretaña, EE.UU e Italia - representan o 88% das exportacións mundiais de armas convencionais (mais do 50% EE.UU)

O mundo está inundado de armas: hai 639 millóns de armas lixeiras, equivalentes a un arma por cada dez persoas. Cada ano producense 16.000 millóns de municións - máis de dúas novas balas por cada home, muller, nena e neno do planeta -.

Entre o 80 e 90% das armas ilegais proceden do mercado legal, un mercado no que o 40% do comercio mundial de armas lixeiras é ilegal.

O Estado Español ocupa a posición 11 en volume de exportacións de armas. Os países situados do 6 ao 10 son: Ucraína, Alemania, Italia, Israel e Brasil.

Os principais países exportadores son do Norte:

EEUU:	14.000 millóns dólares
Reino Unido:	4.600 millóns dólares
Francia:	3.400 millóns dólares
Rusia:	3.400 millóns dólares
China:	500 millóns dólares

As principais rexións importadoras son do Sur:

Norte de África y Oriente Medio:	1.200 millóns dólares
África:	900 millóns dólares
Asia:	800 millóns dólares
América Latina:	700 millóns dólares

Datos citados no informe *Vidas destrozadas de Oxfam* (medias anuais de 1998 a 2001)

O comercio de armas está tendo un efecto devastador para a poboación mundial. As armas aumentan a letalidade das guerras e prolongan a súa duración, agravan a pobreza e fomentan a violación dos dereitos humanos.

As armas causan unha morte por minuto. 300.000 nenos soldados loitan en conflitos armados en todo o mundo. Hai no mundo 12 millóns de persoas refuxiadas e outros 23 millóns de persoas que se teñen visto forzadas a desprazarse dentro do seu país. Mulleres e nenas son violadas a punta de pistola durante conflitos armados (como exemplo, 15.700 en Ruanda e 25.000 en Croacia e Bosnia).

África, Medio Oriente e América Latina gastan un promedio de 22.000 millóns de dólares por ano en armamento. A metade desta suma permitiría dar educación primaria a cada neno e nena destas rexións.

A poboación civil é unha vítima crecente nos conflitos armados: na Primeira Guerra Mundial o 14% das vítimas totais foron civís. Na Segunda Guerra Mundial esta cifra aumentou o 67%. Nalgúns dos conflitos actuais, el porcentaxe aínda achegase ao 80%.

A guerra contra o terrorismo iniciada despois del 11-S disparou a proliferación das armas a nivel mundial, en lugar de reforzar os controis.

EE.UU. e o Reino Unido incrementaron a súa colaboración militar e armamentística cos supostos aliados contra o terrorismo (como Pakistán, Indonesia e Filipinas) sen ter en conta o desprezo polos dereitos humanos. En 2002, a Administración Bush solicitou ao congreso a aprobación dunha partida de 3.800 millóns de dólares en concepto de asistencia en materia de seguridade e loia contra o terrorismo. Segundo un informe do mesmo Departamento de Estado estadounidense, aproximadamente a metade dos 67 países beneficiarios desa axuda son países que presentan unha situación ao menos grave en materia de dereitos humanos. Entre os destinatarios destas axudas se encontran Armenia, Azerbaiyán, Afganistán, Colombia, Filipinas, Georgia, Israel, Nepal, Tayikistán, Turquía e Iemen. EE.UU. tiña prohibido a exportación de armas a Pakistán tralas probas nucleares realizadas en 1998 e o golpe militar en 1999.

5.4. RETOS PARA UNHA MUNDIALIZACIÓN CÍVICA

Os intervincentes políticos, a cidadanía e os movementos sociais deben abordar os seguintes retos para construír unha mundialización cívica:

A. **O concepto de desenvolvemento** como mellora das condicións nas que as persoas poden desenvolver as súas capacidades en liberdade (as persoas o primeiro), e como solidariedade interxeracional: **Desenvolvemento Humano Sustentábel**.

B. **O recoñecemento dos límites do crecemento**. A insostibilidade do actual modelo de crecemento ten que levar a unha distribución racional dos recursos para que o desenvolvemento poida ser universalizábel.

C. **Nova relación Norte-Sur** baseadas no ámbito dos dereitos e as obrigacións. Dereitos das sociedades do sur como base para resolver os seus problemas e obrigacións de todos para garantir eses dereitos.

D. **Nova relación entre os interfaces políticos e a sociedade**. Implicación da sociedade e as súas organizacións no coñecemento e diagnóstico dos problemas do sur, para introducir criterios globais na solución de problemas concretos.

E. **Cooperación para o afortalamiento da sociedade civil do sur**. As contrapartes como protagonistas á hora de deseñar proxectos que sirvan ao obxectivo de asegurar dereitos e liberdades das sociedades do sur.

5.5. RELACIÓN CON ESTRUCTURAS SUPRANACIONAIS (UE)

Abordamos os procesos de integración sabendo que se trata de procesos impulsados por converxencias económicas froito da concentración de capitais, pero ao mesmo tempo cremos que os marcos supraestatais políticos construídos desde a intervención política, poden ser instrumentos que permitan avanzar nas políticas sociais e na profundización democrática.

Somos europeístas en tanto en canto reivindicamos aqueles avances que desde o século das luces tanto no terreno científico coma político se ten dado no noso continente. Nos sentimos herdeiros da Ilustración, da Revolución Francesa, do movemento revolucionario de 1848, da Comuna de París, da Revolución de Outubro,... cremos que a evolución de Europa pasa pola súa construción política e social fronte ao modelo que están a impoñer os monopolios de costas a cidadanía.

Para elo é necesario coordinar movementos continentais de rexeitamento de tales políticas que non teñen como obxectivo outro que desmantelas o 'estado de benestar', a 'anomalía europea'.

Para elo é necesario retomar unha alternativa política continental desde a esquerda e desde os pobos, poñendo en cuestión aqueles elementos que eliminan a/s soberanía/s democráticas.

Esa alternativa ten que ser moi clara nas súas estratexias e nos seus obxectivos políticos, mesmo se é necesario plantexar con claridade saírse da zona euro para salvar a construción europea e a democracia.

A MODO DE EPÍLOGO: RADICALIDADE E REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA

O movemento cidadán 15-M puxo de manifesto unha enorme desafección polas actuais fórmulas de participación política dun sector cada vez máis amplo da poboación. Unha desafección que prexudica unicamente a esquerda, que leva sen renovar practicas políticas, discursos, actitudes e estruturas en varias décadas.

O xurdimento do movemento 15-M, alén do seu alcance concreto, é o síntoma de que algo non vai ben e de que o sector da poboación máis dinámico percibe que a armazón político-representativa e a cultura política xurdidas da transición están esgotadas: precísase de novos espazos de participación e de novos interlocutores para a mediación. Hai esixencias claras de afondar en aspectos relacionados cunha democracia máis participativa

Desde hai anos a insatisfacción medra entre as persoas de esquerda que, formando ou non parte da súa base asociativa, somos parte da súa base sociolóxica e electoral. As últimas eleccións demostraron que existe unha corrente de fondo que percorre transversalmente todas as formacións partidarias na esquerda. Non só se castiga a quen goberna con políticas de dereitas ou de costas á cidadanía, senón que tamén se pune, por desconfianza e polo descrédito acumulado, ás forzas que desde a esquerda poderían recoller o descontento xerado, pero que non se dotan dos mecanismos (necesariamente participativos) que poidan transformar o descontento en esperanza e implicación.

Nunca a indignación fora tanta e as expectativas tan altas. Pero, lamentablemente, as forzas de esquerda existentes nin están nin ninguén as espera.

É a hora da cidadanía.

Asistimos á segunda onda de cambio posglobalización e de nós depende participarmos e contribuírmos a ese cambio desde o noso país ou ficarmos definitivamente á marxe e sermos arrastrados por eles. O noso país mudou substancialmente nas últimas décadas e precisa ser reinterpretado, repensado e inserido nun contexto global altamente interrelacionado e codependente.

Fai falla situar con forza un programa de radicalidade e rexeneración democrática que aborde a cuestión medular da renovación, a construción de democracias representativas sustentadas sobre partidos creados nun momento onde a democracia, naqueles poucos lugares onde tiña unha tradición, pivotaba sobre os elementos 'liberais' formais deixando marxinalizados os elementos 'republicanos' colectivos.

Facemos nosa a carta de compromisos pola rexeneración democrática dirixido aos partidos elaborada pola Iniciativa Cidadán Ben Común en Xullo de 2011. Considerámolo un sistema básico de compromiso para facer da política un exercicio de cidadanía.

A. SISTEMA ELECTORAL

1. Apoiar a implantación dun sistema electoral proporcional, suprimindo os actuais umbrais mínimos e todos os demais elementos –nomeadamente, o tamaño das

circunscricións e a asignación de escaños mediante criterios non proporcionais— que deforman a vontade expresada pola cidadanía a través do voto.

2. Instaurar unha circunscrición galega en todos os procesos electorais de ámbito superior ao local. A pesar de seren as comunidades autónomas as entidades territoriais básicas da articulación do Estado español —por nivel competencial, de gasto e de aceptación cidadá—, paradoxalmente son as únicas que non serven como circunscrición en ningún proceso electoral. Esta anomalía debe ser superada, con diversos beneficios engadidos en termos de riqueza democrática: aumento da proporcionalidade e maior relevancia e contextualización social dos debates, ao non dependeren case exclusivamente de dinámicas marcadas no centro do Estado.
3. Implantar as listas desbloqueadas en todos os procesos electorais, permitindo dese xeito que o cidadán conxugue o apoio a un proxecto político coa escolla dos representantes que ao seu xuízo —e non só ao dos órganos do partido respectivo— mellor poden defendelo.
4. Utilizar o método de eleccións primarias para a elección dos candidatos a postos institucionais executivos, coa participación dos simpatizantes que soliciten a súa inclusión no censo de electores e instaurando mecanismos que garantan a limpeza e transparencia do proceso.

B. TRANSPARENCIA PÚBLICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

5. Ampliar o ámbito de aplicabilidade das Iniciativas Legislativas Populares e implantar a obrigatoriedade legal da súa discusión no plenario da cámara lexislativa diante da cal se presenten, unha vez cumpridos os requisitos legalmente esixidos.
6. Instituir os referenduns por iniciativa popular, delimitando os ámbitos de aplicación e os casos en que terán carácter consultivo ou vinculante.
7. Instaurar a moción de confianza popular para a ratificación, se for o caso, dos máximos responsables dos diferentes niveis gubernativos.
8. Instaurar o modelo de orzamentos participativos a nivel local e nas partidas dependentes do Goberno galego que afecten de xeito determinante (p.ex. aquelas que impliquen un nivel de gasto superior ao 10% do orzamento local) a unha comunidade de dimensión igual ou menor á das entidades locais.
9. Implantar as prácticas de goberno aberto, nomeadamente o open data sen restricións, aprobando unha Lei de Libre Acceso á Información e cumprindo deste ito o mandato das Nacións Unidas. Todas as Administracións Públicas e os organismos delas dependentes deberán publicar, en formato dixital e en estándares abertos, todos os datos económicos, demográficos, sociais e ambientais.
10. Obrigar as empresas públicas e privadas a prestar contas publicamente do destino do diñeiro público que reciban, xustificando o seu uso para os fins para os cales foi concedido.
11. Aprobar unha Lei de Participación Cidadá que inclúa mecanismos de control cidadán da actividade institucional.

12. Crear Consellos Sociais en todos os niveis gubernativos, cunha ampliación da pluralidade da representación da sociedade civil e atribucións reforzadas.
13. Vincular a percepción de financiamento público ao cumprimento da obrigatoriedade legal de prestación de contas detalladas por parte dos partidos políticos, sindicatos de traballadores e sindicatos patronais, coa obrigaón da devolución do importe íntegro en caso de que as contas non sexan aprobadas polo órgano fiscalizador responsable.
14. Dotar o Valedor do Pobo e o Defensor del Pueblo de capacidade punitiva sobre as Administracións Públicas que incumpran as súas obrigaóns.
15. Incluir no currículo do ensino obrigatorio os mecanismos de acceso á información e de control da actividade política.
16. Crear canais de TDT nos cales se retransmitan en vivo as actividades do Congreso, do Senado e dos Parlamentos autonómicos.

C. EJERCICIO DE CARGOS PÚBLICOS

17. Someter a referendun a forma da xefatura do Estado, pois do contrario todo o resto do entramado institucional perde lexitimidade democrática.
18. Limitar por lei o número de mandatos en cargos electos, nomeadamente nos de carácter executivo.
19. Aprobar por lei mecanismos de revogación do mandato dos cargos electos por parte do corpo electoral que procedeu á súa escolla. Igualmente, definir criterios obxectivos (absentismo, transfuguismo) que determinen automaticamente a perda do mandato.
20. Autoimpoñer normas internas nos partidos políticos que eviten a acumulación de cargos por parte dunha mesma persoa.
21. Apoiar a supresión dos privilexios dos cargos electos na percepción de remuneracións tras o abandono do cargo e para o cómputo da xubilación, establecendo criterios obxectivos que conxuguen a valoración dos servizos públicos prestados coa equidade e a igualdade ante a lei.
22. Establecer topes máximos para a remuneración dos cargos electos en cada un dos niveis das Administracións Públicas, atendendo a criterios obxectivos.
23. Impoñer por lei a obrigatoriedade da publicación do patrimonio e rendementos de todosos cargos electos e da variación anual sufrida durante o exercicio do cargo.
24. Establecer un réxime estrito de incompatibilidades dos cargos electos na contratación coas Administracións públicas.
25. Promover por lei a incompatibilidade das persoas empregadas en cargos de confianza para opositar a prazas de funcionariado dependentes do departamento no cal desenvolven os servizos.

26. Aprobar para os traballadores do sector privado (asalariados por conta allea e autónomos) mecanismos homologables aos vixentes para os do sector público no atinente ás garantías do exercicio de funcións políticas sen detrimento da súa carreira profesional.

D. CAMPAÑAS ELECTORAIS E FINANCIAMENTO DOS PARTIDOS POLÍTICOS

27. Regular por lei a obrigatoriedade de debates nas campañas electorais, requisito cuxo incumprimento por parte de calquera candidatura implicará a súa exclusión do proceso electoral, mediante ditame da Xunta Electoral.
28. Eliminar o sistema de bloques informativos e establecer a igualdade de tempos e espazos electorais para todas as candidaturas que concorran ás eleccións, tanto nos medios de comunicación privados como especialmente nos públicos.
29. Establecer por lei unha limitación de gasto nas campañas electorais.
30. Aprobar unha Lei de financiamento dos partidos políticos, na cal se especifiquen os medios de financiamento permitidos, os procedementos de prestación de contas e as punicións en caso de incumprimento.
31. Comprometerse a publicar regularmente na web as contas dos respectivos partidos políticos, incluíndo os movementos das contas bancarias.

E. REFORMA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

32. Apoiar a supresión das Deputacións provinciais galegas, por seren institucións innecesarias, obsoletas e cuxa elección non é realizada directamente pola cidadanía, ademais de presentaren serias dúbidas canto ao carácter democrático e transparente do seu funcionamento.
33. Fomentar a constitución –coas competencias e orzamentos actualmente en mans das Deputacións– de novas entidades locais acaídas aos tempos, nomeadamente áreas metropolitanas, áreas urbanas e comarcas rurais, dotadas de suficiencia tanto política como financeira e dando lugar, progresivamente, á agrupación de concellos e á racionalización do gasto no ámbito local.
34. Apoiar a conversión do Senado español nunha verdadeira cámara de representación e articulación territorial.
35. Apoiar a supresión de todos aqueles organismos estatais cuxas funcións poden ser asumidas –con menores custos e maior eficiencia– polos respectivos departamentos das comunidades autónomas, comezando polas Delegacións e Subdelegacións do Goberno do Estado.

F. DEREITO A UNHA INFORMACIÓN INDEPENDENTE, VERAZ E DE CALIDADE

36. Aprobar a Lei de Garantías do Dereito á Información, que preserve o dereito da cidadanía a producir e recibir información veraz e de calidade a través dos medios de

comunicación e que recolla mecanismos de respecto e fomento pola pluralidade lingüística e cultural.

37. Suprimir as subvencións de diñeiro público aos medios de comunicación privados e regular a publicidade institucional e os convenios con criterios obxectivos, equitativos e transparentes.
38. Implantar para a CRTVG un réxime verdadeiramente autónomo a respecto do Goberno galego, de xeito que sexa a televisión e a radio de todos os galegos e non a de quen ocupa o poder.